- Utilización de estratexias de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Como principio xeral, o/a profesor/-a será quen guíe no proceso de ensino-aprendizaxe e, para que este proceso sexa efectivo, é necesario tomar como referencia o nivel actual do alumnado, é dicir, os coñecementos previos. O profesorado debe recordalos e actualalos de maneira sistemática, xa que sobre eles se asentarán os novos.

A aprendizaxe levarase a cabo unhas veces por achega de contidos de forma ordenada por parte do/da profesor/-a, e outras veces por descubrimento por parte do propio alumnado. É importante ter en conta o grao de motivación, xa que afecta directamente ao rendemento; para incrementalalo convén facer explícita a utilidade dos contidos que se están a traballar.

A realización de tarefas en grupo ou por parellas facilita o intercambio de experiencias e a cooperación; para

asegurar o éxito das mesmas é fundamental elixir ben a actividade e o momento para facela en grupo.

A aprendizaxe da lingua francesa debe ser un proceso consciente. Neste sentido, propóñense unha serie de tarefas que teñen como obxectivo non só facer ao alumnado consciente de se aprende ou non, ou de ata que punto e como desenvolve dita aprendizaxe, senón tamén aportarlle consellos, ideas e estratexias concretas para axudalo no seu proceso de aprendizaxe, é dicir, aprender a aprender, sempre tendo en conta que deberá ser o/a propio/-a alumno/-a quen decida que consellos poden resultarlle útiles e cales non.

#### METODOLOXÍA ESPECÍFICA PARA O TRATAMENTO DAS CATRO DESTREZAS:

##### a) A comprensión oral.

Sobre todo nos primeiros anos da E.S.O., nas situacións de comunicación oral, antes de chegar á expresión propiamente dita, establécese nun primeiro momento o proceso que vai da recepción ou exposición da lingua á comprensión ou acceso ao significado: para chegar a comprender é importante que o/a alumno/-a sexa obxecto dunha exposición á lingua o máis ampla e variada posible (gravacións, o/a profesor/-a, os/as demais compañeiros/-as, etc.) para que, á súa vez, poida elaborar hipóteses de significado que irá verificando mediante a interacción.

Este procedemento de someter ao alumnado a actividades de comprensión oral mantense ao longo de toda a etapa educativa, se ben o grao de dificultade dos contidos vai en aumento a medida que se avanza de curso.

Existen diferentes estratexias para facilitar a comprensión oral: soportes icónicos, axuda da lingua materna, transparencia das palabras, xestos, vídeos, novas tecnoloxías, etc.

Entre as actividades destinadas a potenciar a comprensión oral, cabe mencionar as seguintes: procura de informacións globais ou específicas, discriminación auditiva de fonemas, actividades de relacionar, repeticións, clasificación de información en táboas, actividades de verdadeiro ou falso, ditados, toma de apuntamentos, etc.

##### b) A comprensión escrita.

Trabállanse diferentes tipos de textos escritos:

- Os textos que acompañan a cada unidade e que serven para introducir as estruturas e o vocabulario.

- Textos curtos (cartas, anuncios, carteis, folletos, descrições, cancións, diálogos, etc.) que serven para presentar o vocabulario e as estruturas e para as actividades de consolidación dos coñecementos.

- Breves narracións que buscan captar o interese do/da alumno/-a e fomentar o seu desexo de ler polo simple pracer de facelo.

Entre as actividades destinadas a descubrir a comprensión escrita, cabe mencionar as seguintes: procura de informacións globais ou específicas, actividades de relacionar, de verdadeiro ou falso, de completar espazos en branco, clasificación de informacións, lectura de libros adaptados, etc.

##### c) A expresión oral.

Trátase de estimular o uso da lingua francesa na aula mediante unha grande variedade de actividades para a práctica da expresión oral: individuais, por parellas, en pequeno grupo e/ou en grupo-clase, tanto cos demais compañeiros como co/coa profesor/-a. Estas actividades sempre están dirixidas para que os/as alumnos/-as consigan progresivamente unha real competencia comunicativa.

As actividades do libro proporcionan ao alumnado un gran apoio na realización das diversas tarefas, por exemplo, animándoos a tomar notas sobre o que van dicir antes de comezar a falar, a usar o vocabulario e as expresións destacadas nos recadros ou proporcionándolles varios modelos e inicios de conversa.

O /A profesor/-a pode escribir no encerado as palabras e expresións que os/as alumnos/-as deben utilizar; tamén é moi útil realizar unha chuvia de ideas con todo o alumnado da clase para repasar o vocabulario e as estruturas, así como os exercicios de repetición. Existe unha grande variedade de actividades complementarias de consolidación, sendo de gran axuda os soportes audiovisuais e informáticos.

##### d) A expresión escrita.

Actividades guiadas nas que se proporcionan modelos ou pautas do tipo:

- "Continue la chanson...", "Écris des phrases....", "Complète avec...", "Écoute et complète...", "Écris les verbes...", "Dessine une affiche...", "Écris des phrases sur...", "Écris la liste de..."

- Actividades libres, cartas, receitas de cociña, breves redaccións, proxectos, carteis, etc.

Para asegurar a existencia dun lector para os dous tipos de actividades de expresión escrita, aconséllase a lectura de

textos escritos polos/-as alumnos/-as en grupos, a elaboración de murais e exposicións, así como a avaliación e crítica construtiva ou votación entre o alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manuais de texto
Material de elaboración propia
Documentos auténticos
Aula virtual
Páxinas web vinculadas ao FLE
Dicionarios en papel e en liña
Recursos dixitais (webs específicas, conxugadores...)
Xogos de elaboración propia
Xogos comerciais aplicables á materia
Cartelería
Probas tipo DELF
Blog do Departamento de Francés e grupo de Facebook BoqueFLE
Libros de lectura e banda deseñada

- O manual de referencia empregado durante este ano académico será "J'aime 4" (Livre + Cahier d'activités), da editorial Anaya, que servirá de folia de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.

- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.

- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- A aula virtual do centro servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e co(a) docente.

- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (dicionarios, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

- Empregaranse xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén se utilizarán xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

- Expoñerase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a



lingua estranxeira, etc.

- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grao de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permite adecuar a aprendizaxe ás posibilidades do alumnado, mediante a observación e interpretación de coñecementos, actitudes e capacidades. O momento idóneo para a realización desta avaliación inicial é o comezo de curso. Adicaranse algunhas sesións á revisión dos contidos principais do curso anterior e unha sesión á realización da proba inicial.

En 4º de E.S.O., o alumnado deberá realizar unha proba escrita ou, naqueles grupos nos que se poida dispoñer de equipos informáticos, unha proba en formato dixital na que aparecerán cuestións sobre os contidos abordados durante o curso anterior; esta proba incluírá, entre outras, actividades do tipo que se indica a continuación:

- Un exercicio de comprensión oral (a partir dun audio, responder a cuestións sinxelas sobre o mesmo ou completar unha actividade de "verdadeiro ou falso").
- Exercicios de gramática.
- Exercicios de vocabulario.
- Breve texto para traducir de francés a galego ou castelán (e/ou viceversa).

#### MEDIDAS INDIVIDUAIS/COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL:

En 4º de E.S.O. os resultados da devandita proba servirán para sentar unha base sobre aqueles contidos que deberán ser revisados de xeito colectivo, en caso de que sexa preciso, durante as primeiras sesións do ano académico. Se algún alumno/-a precisa levar a cabo unha revisión máis pormenorizada, o Departamento de Francés entregarlle material de apoio (fichas de repaso, actividades, etc.) e fará un seguimento exhaustivo do seu caso.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>

#### Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 desta programación, para cada unha das UD.

a) Dado que os contidos son progresivos e se reutilizan dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa.

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc. Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual a

disposición do alumnado.

c) O conxunto de probas, tarefas e participación/implicación/traballo diario valorarase de 1 a 10 puntos. A cualificación trimestral obterase das cualificacións obtidas nas unidades didácticas traballadas en cada trimestre, ponderadas tal e como se indica a continuación:

- Probas escritas (exames e ficha de lectura no 2º trimestre): Porcentaxe total 50% (10% comprensión de textos orais; 10% comprensión de textos escritos; 10% produción de textos escritos; 10% coñecemento da lingua francesa - gramática e vocabulario-; 10% plurilingüismo e multiculturalidade).
- Probas orais: Porcentaxe total 20% (10% produción oral; 5%; interacción; 5% mediación).
- Tarefas: Porcentaxe total 20%.
- Participación, implicación e traballo diario: Porcentaxe total 10%.

#### PROBAS ESCRITAS (50%)

As probas escritas (exames) de cada avaliación consistirán en exercicios e preguntas sobre breves textos escritos, sobre mensaxes orais, exercicios de gramática, vocabulario, cultura e civilización, fonética, conxugación verbal, traducións, redaccións, ditados, etc. Incluirán algunha actividade de comprensión oral (escoita dun documento sonoro a partir do cal se formulará algunha/-s cuestión/-s que o alumnado deberá resolver por escrito).

Dentro da categoría de probas escritas entra tamén a ficha relacionada co libro de lectura que terán que realizar os/as alumnos/-as de 4º de ESO, xa que deberán ler, pola súa conta e de xeito obrigatorio, unha obra en francés; tras ese exercicio de lectura individual terán que completar e entregar a comezos do 2º trimestre unha ficha de lectura que mostrará a súa capacidade de comprensión con respecto ao libro que acaban de ler.

A corrección destas probas realizarase por fallos ou erros (-0,05 ou -0,10 p. cada erro, dependendo da actividade), tendo en conta a coherencia, expresión e manexo da lingua francesa. Cada proba cualificarase cun máximo de 5 puntos.

Prestarase especial atención á ortografía, á caligrafía e á presentación. As faltas de ortografía serán penalizadas directamente na actividade na que se cometan.

Tamén se terá en conta nas probas escritas que os datos de identificación do alumnado (prénom et nom) e a data (escrita de xeito formal en francés) estean correctos.

Se algún/algunha alumno/-a é sorprendido/-a copiando ou facendo trampa no momento da realización da proba, a súa cualificación na mesma pasará a ser automaticamente un 0 (cero).

En caso de que algún/algunha alumno/-a non se presente á realización dunha proba escrita na data sinalada deberá aportar un xustificante ao profesorado titor para que se lle realice dita proba outro día; de non presentar xustificación algunha considerarase que a súa cualificación nesa proba é un 0 (cero).

#### PROBAS ORAIS (20%)

Ao final de cada trimestre todos/-as os/as alumnos/-as deberán realizar como mínimo unha proba oral que terá unha cualificación de 2 puntos como máximo. Esta proba será gravada nun arquivo de audio ou de vídeo.

A corrección desta proba realizarase mediante unha táboa de indicadores de logro e por fallos ou erros, tendo en conta a pronunciación, expresión e manexo da lingua francesa.

As características das probas orais serán as seguintes:

**1º TRIMESTRE:** Presentación persoal: Vídeo "20 choses sur moi". Cada alumno/-a debe presentarse (saudar, dicir o seu nome e a súa idade), mencionar onde vive, onde estuda, falar dos seus gustos e actividades de lecer, da súa familia e todo aquilo que libremente desexe para completar o tempo mínimo de gravación (1 minuto); en total debe proporcionar 20 datos sobre si mesmo/-a.

**2º TRIMESTRE:** Gravación dun arquivo de audio imitando unha situación da vida cotiá. Os/As alumnos/-as poderán escoller entre dúas situacións: a chegada á recepción dun hotel e a compra nunha tenda de ultramarinos. Proporcionaráselles un guión e un audio modelo coa finalidade de que imiten a entoación e os xiros característicos da lingua francesa no momento de realizar a súa propia gravación. O alumnado terá a posibilidade de realizar esta proba de xeito individual ou por parellas.

**3º TRIMESTRE:** Lectura dun pequeno texto en francés e resposta en francés a unha serie de preguntas sobre unha temática concreta (la vie scolaire, la famille, les voyages, les activités de loisir...) elixida ao chou por cada alumno/-a e relacionada cos contidos traballados ao longo do curso. Esta proba realizarase na aula de xeito presencial.

#### TAREFAS (20%)

Ao longo de cada trimestre o profesorado propondrá tarefas de diversa índole (exercicios, traballos, redaccións, traducións, presentacións orais ou escritas, murais, etc.) para realizar na aula ou fóra dela. Cada tarefa será valorada cun máximo de 2 puntos e acadarase unha nota media entre todas as que se leven a cabo durante o trimestre.

Avaliarase cada tarefa por fallos ou erros. Valoraranse non só os contidos das tarefas, senón tamén a forma de expresión (oral ou escrita), a ortografía, a caligrafía e a presentación (no caso de exercicios escritos).

O feito de non entregar unha tarefa no prazo establecido suporá un - 0,25 p. menos na cualificación da mesma, agás nos casos de ausencia xustificada.

O feito de non realizar unha tarefa suporá unha cualificación de cero puntos (0) na mesma.

#### PARTICIPACIÓN, IMPLICACIÓN E TRABALLO DIARIO (10%)

Para poder ter unhas sesións dinámicas é imprescindible que o alumnado participe nas clases, colabore, traballe, aporte o material necesario para o desenvolvemento da sesión e mostre un grao mínimo de implicación. Estes aspectos serán avaliados mediante a observación na aula atendendo á seguinte rúbrica:

1p. : O/A alumno/-a intervéen con asiduidade de xeito voluntario axustándose á temática tratada, presta atención ás explicacións, realiza todas as tarefas encomendadas, ten o material necesario para o desenvolvemento da sesión e mostra un alto grao de implicación cara a materia, respectando as normas básicas de convivencia.

0,50 p. : O/A alumno/-a intervéen de xeito voluntario en contadas ocasións, ou non sempre presta atención ás explicacións, ou non realiza todas as tarefas ou non sempre ten o material necesario para o desenvolvemento da sesión.

0 p.: O/A alumno/-a nunca participa de xeito voluntario, ou cando o fai non se axusta á temática tratada, ou non respecta as normas básicas de convivencia (interrompe, descalifica, etc.), ou realiza moi poucas ou ningunha das tarefas, ou en moitas ocasións non ten consigo o material necesario para o desenvolvemento da sesión ou non mostra ningunha implicación cara a materia.

d) Actividades de ampliación e/ou reforzo: A maiores, o Departamento de Francés poderá propor ao longo do curso a realización de diferentes actividades de ampliación e/ou reforzo destinadas a atender a diversidade (concursos, realización de vídeos, correspondencia, etc.).

Entre outras, propóranse as seguintes actividades:

- **CORRESPONDENCIA:** Ao longo do curso, o alumnado de Francés de 4º de E.S.O. participará nunha correspondencia por vía postal con alumnos/-as estudantes de Español dun instituto francés. As cartas escritas polo alumnado de 4º de E.S.O. terán unha cualificación que incidirá na nota media da avaliación do xeito que se especifica a continuación:

Bien (máximo 9 faltas): + 0,50 p.

Passable (entre 10 e 19 faltas): + 0,25 p.

Faible (máis de 20 faltas): + 0 p.

Para que se teña en conta esta cualificación o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Redactar a carta en francés, sen esquecer elementos esenciais como son: data, saúdo, despedida e sinatura.
- O corpo da carta debe ter un mínimo de 10 liñas completas (sen contar saúdo/despedita).
- O/A alumno/-a debe formular un mínimo de 2 preguntas ao seu correspondente.
- Incluír algunha/-s imaxe/-s ou debuxo/-s (polo menos 2 ou 3).
- Tratar todos os temas indicados previamente pola profesora.
- Entregar a carta (tanto o borrador como a carta pasada a limpo) nas datas sinaladas.

- **VÍDEO:** Dependendo da temporalización, é probable que se lle propoña ao alumnado a realización dalgún vídeo de temática variada en función do nivel ao que vaia dirixida a actividade, por exemplo: a explicación dunha receita sinxela dalgún prato típico francés (crêpes, mousse au chocolat, quiche lorraine...), a presentación do centro educativo (mon collège / ma salle de classe), a presentación da familia (ma famille), unha entrevista a unha persoa francófona, un programa ficticio de variedades, un telexornal, etc. Esta actividade permitirá que os/as alumnos/-as poidan acadar ata 1 punto máis na nota media da avaliación en caso de que a gravación teña unha boa calidade, sobre todo a nivel lingüístico (avalíanse a corrección na produción lingüística, a calidade da imaxe e do son e a orixinalidade).

No caso de propoñer outras actividades diferentes das que se acaban de sinalar, o profesorado de Francés informará

ao alumnado e explicará con detalle a incidencia que poderá ter dita actividade na nota media da avaliación.

e) O alumnado que non participe nalgunha actividade complementaria ou extraescolar organizada polo Departamento de Francés deberá realizar un traballo relacionado coa mesma. Será o/a profesor/-a quen se encargue de darlle as indicacións necesarias para elaborar dito traballo.

f) A cualificación da avaliación final obterase da media aritmética das cualificacións trimestrais. Superarán a materia aqueles/-as alumnos/-as que obteñan unha media aritmética igual ou superior a 4,5 a partir das cualificacións das tres avaliacións do curso. O redondeo farase á alza a partir de 0,5.

Exemplos: 4,75 redondea a 5; 4,50 redondea a 5; 4,45 redondea a 4; 4,25 redondea a 4.

Para promocionar, en calquera caso, todo/-a alumno/-a deberá ter superado o grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación indicados para cada unidade.

### **Criterios de recuperación:**

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

c) Os/As alumnos/-as que obteñan unha cualificación inferior a 4,5 na media aritmética das tres avaliacións, terán a oportunidade de realizar unha proba de recuperación na que se incluírán contidos traballados ao longo de todo o ano académico. Esa proba terá lugar nas últimas sesións do mes de xuño (a data será concretada a comezos do 3º trimestre). Para aprobar esta recuperación será necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos (sobre 10).

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A atención á diversidade é o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Nunha aula hai alumnado con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, e debemos perseguir o obxectivo de que todo/-a alumno/-a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. A diversidade de exercicios e tarefas posibilita que todos/-as os/as alumnos/-as poidan atopar algún que estea de acordo co seu estilo de aprendizaxe.

En canto á necesidade de atender os diferentes ritmos de aprendizaxe, existe un gran número de actividades destinadas a este fin. Ademais, debemos responder ás diferenzas individuais na aula, mediante diversas actividades de ampliación e reforzo para alumnos/-as que terminan antes o seu traballo.

Os materiais utilizados teñen en conta que alumnos/-as sen unha capacidade grande como aprendices de linguas poden, sen embargo, ser bos noutros campos como a arte ou as ciencias, ou poden ter algunha afección interesante que o profesorado pode aproveitar en clase. Isto aumentará a motivación e a autoestima deste alumnado e demostrará a todos/-as o valor que se concede nese ámbito a diversas destrezas ou habilidades.

O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente descrito, dando un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os/as alumnos/-as.
- O método de traballo propón exercicios variados, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etc.
- A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos fomenta a comunicación para que poidan ser traballados polo alumnado con diferentes niveis.
- O fomento da participación e a colaboración entre o alumnado con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. O profesorado axudará a que o alumnado sexa consciente diso.

### **ADAPTACIÓNS CURRICULARES**

En principio, parece ser que ningún/ningunha dos/as alumnos/-as que cursan Francés durante este ano académico vai precisar unha adaptación curricular nesta materia. De darse algún caso, o Departamento dará conta do mesmo no Libro de Actas e na Memoria Final de curso.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de Segunda Lingua Estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando ao profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

- a) Alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso:

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso; as familias serán informadas deste plan. O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- b) Alumnado con necesidade específica de apoio educativo:

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.

- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

- c) Alumnado con necesidades educativas especiais:

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, de ser o caso sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais,

explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, preferiblemente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural:

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).

- De ser preciso, ofreceráselle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.

- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.

- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.

- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.

- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado titor.

e) Alumnado con altas capacidades intelectuais:

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Aadoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.

- Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.

- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

- Proporáselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo:

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfacemento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º e 4º de ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.

- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.

- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Dereitos da infancia	X		X			X	
ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o desenvolvemento sostible		X			X	X	
ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual		X	X		X	X	
ET.6 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial		X		X		X	
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
La Chandeleur	O 2 de febreiro celébrase a Chandeleur, tamén coñecido como o día das "crêpes". O Departamento conmemorará este día realizando unha achega a esta celebración tan sinalada en Francia.		X	
Teatro en francés	Saída ao teatro para asistir á representación da obra titulada "Les trois mousquetaires", o luns 26 de febreiro de 2024, no Colexio La Salle (Santiago de Compostela).		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Jour de la francophonie	Segundo o calendario oficial, o 20 de marzo celebrarase o día da francofonía propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtametraxes, degustación de produtos gastronómicos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc.		X	
Fête de la musique	21 de xuño. Iniciativa xurdida en Francia en 1982 que se recreará no centro, en colaboración co Departamento de Música e outros que desexen vincularse. Crearanse diferentes puntos no centro onde escoitar música, bailar e tocar, recreando o que se podería ver nesta data en calquera punto de Francia. De non ser posible realizar esas actividades no exterior, conmemorarase na aula escoitando música francesa de distintos estilos.			X
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua francesa e que teñan lugar durante o curso académico.	X	X	X
Xogos, exposicións, actividades e concursos	O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción da lingua francesa.	X	X	X
Correspondencia de cartas	Participación nunha correspondencia de cartas con alumnado estudante de español dun instituto francés de Caen (Normandie).	X	X	X
Cine en francés	Proxección de fragmentos de diferentes películas e curtametraxes en francés, algunhas subtituladas para facilitar unha maior comprensión.	X	X	X
Música en francés	Traballo na aula con diferentes cancións en lingua francesa, incluíndo a posibilidade de preparación e interpretación dunha canción nalgún dos festivais públicos escolares.	X	X	X
Lectura en francés	Traballo con libros de nivel fácil, axeitado ao alumnado, para espertar o amor pola lectura.	X	X	X
Civilización e cultura francesas	Estudo da civilización francesa mediante o visionado de vídeos culturais, documentais, reportaxes... e a lectura de textos extraídos de revistas, xornais, blogs, etc.	X	X	X
Audiovisuais	Montaxe de pequenos vídeos e presentacións en lingua francesa, relacionados cos contidos traballados ao longo do curso.	X	X	X
Blog (BoqueFLE)	O Departamento de Francés quere manter ao día o seu blog (BoqueFLE) coa intención de publicar nel contidos relacionados coa actualidade e a cultura francesa. Dende o espazo adicado ao Departamento dentro da web oficial do centro existe unha ligazón a este blog para que todas aquelas persoas que o desexen poidan visitalo e consúltalo.	X	X	X



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Certificacións oficiais - DELF SCOLAIRE	No marco do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Embaixada de Francia, o Departamento informará e colaborará co alumnado interesado en presentarse aos exames para obter certificacións oficiais como o DELF Scolaire da Alliance Française. O Departamento preparará e orientará ao alumnado para que poidan presentarse ás probas de certificación do DELF scolaire A2 da Alianza Francesa. Isto proporcionaralle ao alumnado un título oficial a nivel europeo dentro do MEQR que certifica os seus coñecementos de lingua francesa.	X	X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resultados de avaliación.
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Metodoloxía empregada
Nivel de satisfacción do alumnado.
Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
Adecuación do libro de texto.
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA.
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc.
Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación.
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos CA.
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.

### Descrición:

É fundamental para o proceso de ensino-aprendizaxe que a práctica docente se auto-avalíe constantemente. Para levar a cabo esta autoavaliación utilizaranse as seguintes ferramentas:

#### 1) Enquisa:

Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en

definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

#### 2) Autoavaliación:

Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado.
- b) Mellorar a formación docente.
- c) Reforzar as medidas de atención á diversidade.
- d) Crear unha cultura autoavaliadora.

#### 3) Revisión e melloras:

O Departamento de Francés levará a cabo unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

##### A) Unha avaliación de progreso:

- Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
- Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

##### B) Unha avaliación final:

- Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.
- Os erros detectados recolléranse na Memoria Final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

##### 4) Memoria Final:

Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria Final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

Está prevista a elaboración dunhas "TABOAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA" con indicadores de logro (rúbrica de 1 a 4) . Tamén se recollerán observacións e propostas de mellora.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

### REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

O Departamento de Francés do CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto é unipersoal e fará o seguimento oportuno para levar a cabo a aplicación da Programación Didáctica. Os aspectos máis salientables recolleranse nun informe mensual no libro de actas do Departamento.

### PROENS

A profesora fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, farase o seguimento na aplicación para cada nivel. Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

### AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia, entre outros, dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reajustes.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Biología e xeoloxía	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

Existe unha estreita relación entre o progreso da humanidade e o coñecemento científico. Así, os avances que observamos no noso entorno son debidos na súa maioría a estes coñecementos, tal que poderíase definir á sociedade na que vivimos como unha sociedade tecnolóxico-científica. Estes avances son o froito da cooperación entre científicos de diferentes ramas da Ciencia, entre as que se atopa a Bioloxía e a Xeoloxía.

A Ciencia, non é unha entidade estática, senón que se atopa en permanente evolución. Cada vez son máis importantes as profesións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía, como máis numerosas son as cuestións de ámbito biolóxico que nos abordan (medio ambiente, xenética, biomedicina), moitas das cales requiren unha participación por parte da cidadanía.

É preciso, polo tanto, proporcionarlle ao alumnado as bases científicas sobre as que se asente o coñecemento da realidade do mundo contemporáneo para analizala e valorala de forma crítica. O estudo da Bioloxía e Xeoloxía contribuirá non soamente a súa comprensión en si, senón tamén a dos elementos fundamentais da investigación e do método científico.

A forma de abordar o ensino incluírá, ademais dos conceptos, a súa utilidade e a súa construción como o produto de incesantes investigacións que, continuamente, confirman e trocan os conceptos científicos. Todo isto contribuirá a ampliar e a afondar no estudo dos mecanismos básicos que rexen o mundo vivo, a valorar as implicacións sociais e persoais dos coñecementos científicos e dos novos descubrimentos, e a promover unha actitude investigadora.

Así pois a Bioloxía e a Xeoloxía contribuirán a formar aos alumnos como persoas e como cidadáns, ademais de orientalos e formalos cara ás saídas profesionais relacionadas con esta área.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretendemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

#### 5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

#### 6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

Cambio de Roupas: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

Hábitos Hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 7 minutos da sesión.

Recollida do Material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso.

Libro de texto ou material complementario.
Edixgal. Aula virtual/moodle. e cursos dispoñibles na aula.
Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe.
Redes sociais, aplicacións.
Material bibliográfico no departamento, biblioteca, outras dependencias do centro, etc...

Os materiais e recursos utilizados serán variados. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque participativo, comunicativo e comprensivo.

Os materiais que temos no departamento de educación física para o desenvolvemento da programación son os seguintes:

atletismo ( 4 martelos, 2 testigos para relevos, 2 discos), balóns: balonman ( 12), fútbol (15), baloncesto (10), voleibol (8), Béisbol 3 bates y 2 pelotas, Rugby (2), Raquetas tenis (20 raquetas y 20 pelotas despresurizadas y 20 con presión), Bádminton ( 25 raquetas y 3 botes de volantes), Floorball (20 sticks y 20 pelotas), Lacrosse (12 palos y 6 pelotas), Balons blandos (8), Indiacas (20 e 5 recambios), frisbees (10), cuerdas pequenas (26), cuerdas grandes (2), inchadores (2), conos (15), setas (30), petos (30), cronómetros (3), cinta métrica (1), micrófono (1), ordenador (1), aparato música (1), altofalantes (1).

En canto aos recursos didácticos cos que contamos para desenvolver a programación didáctica son: a aula virtual do centro (moodle) así como vídeos para ás explicacións, apuntes do profesor e aplicacións como JuegosEF , Nike Training, Strava, spottify, Dafis, Poscats, artigos de periódicos e tamén mobiles para elaboración de vídeos e genially e power point para a presentación de traballos.

.Instalacións, as clases de Educación Física teñen lugar nas instalación de titularidade do Concello, que son: pavillón polideportivo, campo de fútbol herba artificial, ximnasio, pistas exteriores de secundaria , as pistas exteriores do recinto de primaria e a piscina, todas atópanse ao lado do Centro, así como a contorna do centro para actividades no medio natural ( carreiras, marchas en bicicleta, marchas nórdicas, orientación etc.

En canto a material bibliográfico temos algúns libros na biblioteca que poden consultar para traballos ou preparación de exames. Non hai libro da materia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>17</b>	<b>15</b>	<b>18</b>	<b>4</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### **Criterios de cualificación:**

A Programación Didáctica consta de 8 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2 e 3 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 34%; a 4 e a 5 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 34%, e a 6, 7 e 8 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 32%. No número de sesións asignado a cada UD contémpanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación previa á avaliación final da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

### **Criterios de recuperación:**

Para recuperar as UU.DD. non superadas: Rematada a UD proporase ao alumnado que non a superou actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas polo profesorado en sesións de titoría previa cita. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste último caso a UD darase por superada. Para recuperar a avaliación trimestral: O alumnado deberá recuperar so as UU.DD. que non teña superadas. O profesorado propondrá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas en sesións de titoría previa cita. Segundo as circunstancias poderanse propor ao alumnado a realización de probas escritas. Para superar a avaliación final: Ao alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, recibirá un plan de recuperación e realizará as actividades propostas no período que vai dende a avaliación previa á avaliación final ata a avaliación final. Esas actividades serán avaliadas e cualificadas por observación directa do profesorado. Transcorrido este período, o alumnado que non recuperou algunha avaliación trimestral, deberá superar nunha proba final extraordinaria os

mínimos de consecución non superados. A proba será preferentemente práctica, aínda que para superar algún dos contidos poderanse propor probas escritas. Para mellorar a nota na avaliación final: O alumnado que desexe mellorar a súa cualificación, recibirá un plan de mellora. Neste plan priorizaranse os contidos con peor cualificación ou non superados nas diferentes UDD. As actividades propostas serán acordadas entre a persoa docente e o alumnado. No caso de que o alumnado supere as actividades de reforzo propostas no plan, incrementarase a súa cualificación nas UU.DD. correspondentes e calcularase de novo a cualificación final da materia.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaráselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...

- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...

- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.

- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA		X	X			X		X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA		X	X	X		X	X	X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL		X	X		X	X	X	
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL		X			X	X	X	X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X	X		X	X		X	
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO		X	X		X		X	
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - CREATIVIDADE	X	X		X	X		X	

	UD 9
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	
ET.9 - CREATIVIDADE	

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
XORNADAS DE PROMOCIÓN DO DEPORTE	ostra de Esgrima, Karate, Bádminton, tenis de mesa por club deportivo, asociación etc		X	
PATINAXE SOBRE XEO	Saída a Santiago de Compostela , as datas serán entre o mes de decembro e o mes de febreiro.	X		
ROCODROMO INDOORWALL	Saída a Santiago de Compostela , datas durante o segundo trimestre	X	X	X
NOVA JUMP OU DIVER JUMP	Realizarase como complemento cando o alumnado vaia ao cine, teatro, exposicións etc.	X	X	X
ROTEIROS ECOLÓXICO DIDÁCTICOS	Ruta de senderismo Praia de área Negra e Fervenza en Teixedelo (San Andrés de Teixido) ou unha ruta similar	X	X	
ACTIVIDADE DE VELA	No Porto do Freixo, durante o terceiro trimestre			X
ELEBRACIÓNS DO CENTRO COMO SAMAGOSTO, 25 DE NOVEMBRO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, DÍA DA PAZ, 8 DE MARZO ETC	En todas as celebracións do centro intentaremos que haxa actividade motriz, como coreografía para o día da Paz, xogos populares no Samagosto ( Samaín e Magosto),	X		
DÍA DA ACTIVIDADE FÍSICA	Carreiras desde infantil a 4º ESO, con diferentes distancias		X	X
RUTA EN BICICLETA POLO SENDEIRO VERDE	Actividade a realizar como colofón ao finalizar a unidade didáctica "pedaleando"			X
CONFERENCIAS IMPARTIDAS POR DISTINTOS ESPECIALISTAS	Deportistas de alto nivel, nutricionistas, especialistas 061, Asociaciones de personas con discapacidade	X	X	X

### Observacións:

Engadir a relación de actividades complementarias previstas para este curso. Na descrición poden sinalarse os seguintes aspectos:

- Cursos, grupos e número de alumnado ao que vai dirixida.
- Data e horario (aproximados) de realización.
- Destino, lugar ou espazo.
- Custo aproximado.
- Profesorado responsable e ratio profesorado/alumnado (legalmente establecido 1/20)
- Permisos (autorizacións, permisos concello, etc...)
- Necesidades (transporte, salón de actos, etc.).
- Departamentos ou entidades colaboradores.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.



Impártense todas as unidades da PD na temporalización estimada.
Planifica anticipadamente as actividades diarias.
<b>TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.</b>
Metodoloxía empregada
<b>DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.</b>
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con neae.
Medidas de atención á diversidade
Dáselle ao alumnado a posibilidade de comentar os seus traballos e exames, amosándolle os aspectos máis significativos.
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con neae.
Adecuación da AC proposta e aprobada.
Clima de traballo na aula
<b>RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE</b>
<b>MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.</b>
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN.</b>
Mantívose un contacto continuo coas familias.
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.
Colabora con outros departamentos en ensinanzas transversais e/ou fanse referencias transversais con contidos doutras materias.
Outros
Participa en proxectos de innovación e investigación
Continúa a súa formación como docente

### Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

**TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.**

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.

**DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:**

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

**MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:**

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

**INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:**

Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propóñese facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Expresión artística	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

Esta programación está pensada para ser levada á práctica nun CPI situado nunha zona rural que está situada entre Santiago de Compostela e o Val do Ulla: o concello de Boqueixón. Ten unha poboación en torno aos 4200 habitantes, agrupados en 14 parroquias, das que procede a maioría do alumnado. No centro impártense Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria e a gran maioría do alumnado comenzou no centro na Educación Infantil. Asemade o centro pon a disposición do alumnado os servizos complementarios de comedor e tamén o de transporte escolar.

O grupo de 4º ESO deste curso escolar, está composto por un total de 14 alumnos e alumnas con idade de 15 anos, repartidos en dous subgrupos: Grupo1 con 6 estudantes e grupo 2 con 7.

A materia de Expresión artística constitúe a extensión da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual desenvolvida polo alumnado desta etapa en cursos anteriores, contribuíndo á adquisición das competencias da etapa. Nesta materia o alumnado poderá desenvolver a súa capacidade expresiva, seguirá a adquirir pautas e ferramentas que lle permitirá explorar e poñer en valor a súa creatividade á vez que afondará no coñecemento e apreciación do patrimonio artístico e cultural. Esta é unha materia idónea para desenvolver as fases do proceso creativo de xeito práctico ademais de fomentar o traballo colaborativo, o posicionamento crítico, o debate e a autoavaliación.

En Expresión Artística o alumnado poderá experimentar con diferentes técnicas artísticas e as súas posibilidades expresivas permitiéndolle, por un lado, innovar e buscar unha visión persoal coa que afrontar os retos propostos e, por outra banda, ter un achegamento á historia da arte diferente ao teórico, máis ben baseado no entendemento do equilibrio entre as dificultades técnicas e os intereses expresivos que en diferentes momentos afrontaron as e os artistas nos diferentes campos. Isto achegará unha visión máis próxima á realidade da creación artística e menos idealizada e teórica como adoita a plantexarse noutras materias.

A materia deseñase ao redor de catro competencias específicas a partires dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión cultural, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Estas competencias específicas poden traballarse simultaneamente mediante un desenvolvemento entrelazado e deberá de terse en conta que, por consistir na creación de producións artísticas, a última delas require da activación das tres primeiras, é dicir, da observación e valoración crítica de producións artísticas e da selección e do emprego tanto de técnicas gráfico-plásticas coma audiovisuais. Os criterios de avaliación, que determinan o grao de adquisición das competencias específicas, deben aplicarse nunha contorna flexible e propicia para a expresión creativa do alumnado.

A materia ten un carácter práctico e experimental e así se reflicte nos contidos seleccionados que se atopan organizados en tres bloques:

O primeiro bloque traballase coas «técnicas gráfico-plásticas» e recolle as diferentes técnicas artísticas que o alumnado deberá experimentar e aprender a seleccionar en función das intencións expresivas buscadas. Traballaranse as técnicas máis habituais no debuxo, na ilustración e na pintura, tanto secas (debuxo a carbón, lapis de grafito, lapis composto, lapis de cores, ceras, pastel, bolígrafos ou rotuladores), coma húmidas (tinta chinesa, acuarela ou pintura á augada), as técnicas alternativas e mixtas (colaxe, frottage, grattage, decalcomanía, objet trouvé, dripping, assemblage), as técnicas básicas de estampaxe e gravado (en oco e relevo) e técnicas básicas de modelado e de creación de volume.

O segundo bloque está centrado na fotografía, a linguaxe visual, audiovisual e multimedia e nel o alumnado profundará nas aprendizaxes sobre a linguaxe narrativa e audiovisual adquiridas na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual cursada anteriormente. Incidirase no proceso de creación, no deseño de proxectos, na análise crítica da linguaxe publicitaria e da sociedade de consumo, en técnicas e formatos de fotografía e vídeo, así como nos diferentes medios de difusión das producións audiovisuais.

O terceiro bloque trata do papel da xeometría na configuración da forma e ao afondamento nos sistemas de representación da xeometría descritiva como ferramenta imprescindible na definición, creación e deseño da contorna e dos obxectos.

Como contidos transversais a estes tres bloques inclúense, entre outros, a prevención e xestión responsable dos residuos e a seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos, co fin de contribuír á educación ambiental do alumnado.

Dado o seu carácter práctico, a materia contribúe á asunción responsable das obrigacións, á cooperación e ao respecto ás demais persoas; desenvolve a capacidade de traballo en equipo e a autodisciplina, ademais de promover o trato igualitario e inclusivo; favorece o espírito innovador e emprendedor, fomentando a creatividade, a iniciativa persoal e a capacidade de aprendizaxe a partir dos erros cometidos e permite participar no enriquecemento do patrimonio a través da creación de producións persoais.

Tan importante como a creación é a posta en común é o debate sobre as producións xeradas polos integrantes do

grupo, polo que a exposición do traballo individual e en grupos é unha das partes máis interesantes para desenvolver nesta materia. É nestas interaccións onde o alumnado sacará conclusións enriquecedoras tanto do traballo propio como do alleo, permitiéndolle ampliar a súa visión de cara a futuros retos. As actividades de exposición e posta en común son unha ocasión idónea para traballar a cualidades tan importantes como a axilidade na comunicación, o respecto, a humildade, a empatía, a autoconfianza, a asertividade e madurez emocional.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar manifestacións artísticas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais e valorando o proceso de creación e o resultado final, para educar a mirada, alimentar o imaxinario, reforzar a confianza e ampliar as posibilidades de gozar do patrimonio cultural e artístico.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando distintos medios, soportes, ferramentas e linguaxes, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección das máis adecuadas a cada necesidade ou intención.			2	2	1	1-3		3-4
OBX3 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins, para incorporalos ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados a cada necesidade ou intención.				5	1-3			3-4
OBX4 - Crear producións artísticas, individuais ou grupais, realizadas con diferentes técnicas e ferramentas, incluído o propio corpo, a partir dun motivo ou intención previos, adaptando o deseño e o proceso ás necesidades e indicacións de realización e tendo en conta as características do público destinatario, para compartilas e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional que poden derivarse desta actividade.	1		3	3	3-5		3	4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Linguaxe visual e arte: patrimonio e cultura.	As manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas: contextualización, apreciación e relectura de obra de arte. Repaso dos elementos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas, destacando cor e composición. Técnicas expresivas: debuxo e pintura con témpera.	10	15	X		
2	A natureza na nosa contorna.	Observación e reinterpretación da contorna natural por medio de técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas, mixtas. Debuxo de observación e pintura con témpera. Experimentación con rexistro fotográfico e tratamento dixital da imaxe. Posibilidades expresivas que ofrecen as técnicas gráfico-plásticas (secas e húmidas).	8	8	X		
3	A xeometría na arte.	Realismo, figuración, abstracción : identificación e apreciación. Do real ao abstracto: a xeometría na arte. Xeometrización e estilización: concepto, proceso, referencias na arte e transformación dun traballo figurativo. Representacións con medios manuais e emprego de aplicacións dixitais. Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas: colaxe (técnica, posibilidades expresivas e contexto histórico). Construcións e procedementos básicos da xeometría plana. Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional: debuxo da contorna con edificios utilizando os principios básicos da perspectiva. Aplicación das construcións técnicas bidimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño (arquitectónico).	8	9	X		
4	Deseño.	Campos e ramas do deseño: de produto, gráfico, de moda, de interiores, escenografía. Deseñadores relevantes na historia do deseño. Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivados. Conceptos básicos de normalización. Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.	8	10	X		



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Arte urbano: grafitti e pintura mural.	<p>O graffiti: estilos e aspectos técnicos na realización de murais. Selección de obras e autores/as relevantes no ámbito internacional, nacional e da contorna. Posibilidades expresivas e contexto histórico das técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e proposta práctica de realización de un mural-grafiti no Centro: elaboración e execución do proxecto.</p> <p>Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización, seguridade e medios de protección no espazo de traballo dun graffiti.</p>	9	9		X	
6	Arte e natureza.	<p>Introdución ao Arte Ambiental ou Land Art. Principais exemplos e artistas desta corrente artística. O artista galego Fernando Casás.</p> <p>A reciclaxe e o respecto polo patrimonio natural na produción do Land Art. Impacto ambiental das intervencións na paisaxe. Selección de obras e autores/as relevantes ao longo da historia da arte.</p> <p>A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza.</p> <p>A importancia da reciclaxe na produción artística.</p> <p>Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade.</p>	8	8		X	
7	O gravado: a arte democratizada.	<p>O gravado segundo o tratamento da matriz (relevo, oco e plano). Características básicas das técnicas máis habituais (xilografía, punta seca, augaforte e litografía). Manipulación e uso de materiais e ferramentas empregadas no taller de gravado. Aplicación de procedementos directos, aditivos e sustrativos. Traballo con monotipos, experimentación coa técnica do linogravado e coa punta seca sobre acetato. Busca, selección e revisión de autores/as e obras de interese e relevancia na historia da arte, realizadas con estas técnicas.</p> <p>Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización e seguridade no espazo de traballo.</p>	9	9		X	
8	O volume	Tipoloxías na escultura. Principios e fundamentos do deseño tridimensional.	8	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	O volume	<p>O modelado. Apreciación e recoñecemento de autores/as e obras escultóricas significativas ao longo da historia da arte. Artistas galegos. Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización e seguridade no espazo de traballo. A importancia da reciclaxe na produción artística.</p>	8	9		X	
9	Banda deseñada.	<p>Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. Narrativa da banda deseñada e os seus elementos. Recoñecemento dos referentes do cómic. Realización dunha tira de banda deseñada.</p>	8	6		X	X
10	Fotografía.	<p>Elementos e principios básicos da linguaxe visual, e da percepción: cor e composición na fotografía. Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A fotografía analóxica. Técnicas alternativas. A fotografía dixital e 3D. A fotomontaxe. Procesos fotográficos alternativos: cianotipia e antotipia.</p>	8	7			X
11	Publicidade.	<p>A publicidade gráfica e audiovisual. Estratexias, recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación. Proxecto de campaña publicitaria - tema transversal.</p>	8	7			X
12	Linguaxe audiovisual: Imaxe en movemento e animación.	<p>Imaxe fixa, secuenciada e en movemento. Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. Principios básicos da imaxe en movemento. Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. Teoría básica e práctica sobre a creación audiovisual, os tipos (cine, publicidade, videoarte, etc), as fases de realización, a narrativa, a linguaxe e recursos dixitais para a edición. Realización dunha animación e presentación ao grupo. Proxecto videoarte: creación de audiovisual: pré-produción, produción e post-produción). Da idea inicial á montaxe e proxección. Debate sobre as producións.</p>	8	8			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Linguaxe visual e arte: patrimonio e cultura.	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoa, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante: xénero artístico, época e técnica empregada.	TI	100
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Emitir valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influíron na súa produción.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Participar na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando con eficacia as ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Desenvolver unha produción gráfico-plástica que abarca proceso de investigación, proxecto e produto, de maneira creativa e expresiva, utilizando os medios propostos para obter os resultados desexados.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Comentar co grupo o resultado final do seu traballo, resumindo o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados, peculiaridades e os logros alcanzados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais.</li> <li>- Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas.</li> <li>- Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico.</li> <li>- Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A natureza na nosa contorna.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación pictórica relevante: época, temática, técnica empregada e aspectos compositivos básicos.	TI	100
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Participar na exploración de técnicas gráfico-plásticas relacionadas ao debuxo e á pintura, manifestando interese polo correcto uso das ferramentas, medios, soportes.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, relacionada coa paisaxe da contorna, de maneira creativa e expresiva, utilizando os medios propostos para obter os resultados desexados.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Pintar unha pasaxe, deseñando e seguindo as fases e pautas do proceso de creación, utilizando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado creativo e coherente coa proposta dada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais.</li> <li>- Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas.</li> <li>- Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico.</li> <li>- Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos.</li> <li>- Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	A xeometría na arte.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	TI	100
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Crear un produto artístico individual, deseñando e seguindo as fases e pautas do proceso, e utilizando con corrección a técnica da colaxe; conseguindo un resultado creativo e coherente coa proposta dada.		
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Amosar interese polos elementos da xeometría e a súa aplicación no deseño. Ter coñecemento dos medios, técnicas e formatos elementais.		
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Xerar formas mediante procesos da xeometría plana: formas poligonais elementais, transformacións xeométricas básicas e realización de enlaces e tanxencias entre rectas e arcos de circunferencias.		
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Amosar claridade e precisión básicas nas realizacións gráficas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico.</li> <li>- Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.</li> <li>- Construcións xeométricas fundamentais.</li> <li>- Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivais.</li> <li>- Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Deseño.	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Realizar o deseño de un produto, seguindo as fases e pautas do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinado.	TI	100
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Elaborar un produto de deseño gráfico de forma creativa, con intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.		
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Empregar a linguaxe técnica de representación para a definición das formas e volumes deseñados.		
- Cualificación do caderno do alumnado. Valorarase que o material e contidos estean ordenados e completos, aparecendo todas as actividades e fichas entregadas. A nota refírese, polo tanto, á capacidade do alumnado de manter todo o material ordenado e completo, independentemente da calidade de realización das actividades. No caso de ensino non presencial terase en conta o material enviado á Aula Virtual.

- Cualificacións obtidas da observación directa do traballo diario, participación e esforzo. Valorarase a realización das actividades (positivos pola realización, independentemente de que estean mal ou ben realizadas) e a participación activa e positiva, a disposición e a responsabilidade nas clases. Tamén se rexistrarán as intervencións e participación do alumnado no desenvolvemento do proceso do ensino-aprendizaxe na aula, xunto coa súa boa ou mala disposición a nivel de grupo (respecto dos compañeiros/as, da docente, das quendas de voz, da contribución á orde e ao silencio, da boa conservación do material de aula, xa sexa propio ou do centro, etc.). Tamén se rexistrará a falta, non entrega e/ou entrega fóra de prazo de deberes/exercicios/traballos/actividades así como os comportamentos disruptivos que impidan o correcto discorrer das explicacións. No caso de ensino non presencial terase en conta o material enviado á Aula Virtual e a participación nas clases telemáticas.

A media por avaliación obtense do seguinte xeito:

- Exames: 50% da nota da avaliación. No caso de realizar máis dun exame por trimestre a nota do apartado dos exames será a media aritmética entre eles engadindo o resultado ao resto de elementos para obter a nota final. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte desta (máis do 70% das sesións) o apartado exames establecerase igualmente no 50% da nota da avaliación.

- Traballos obrigatorios (individuais e pequeno e/ou gran grupo, segundo determine a profesora): 30% da nota de avaliación. Estes traballos, deberán ser entregados en papel e/ou formato dixital, segundo indique a profesora e, sempre serán presentados/defendidos polo alumnado na aula. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte (máis do 70% das sesións) desta o apartado probas específicas e traballo suporá tamén o 30% da nota da avaliación.

- Probas específicas: Controis, lecturas e/ou outras actividades: 10% da nota de avaliación. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte desta (máis do 70% das sesións) o apartado caderno do alumnado suporá o 10% da nota da avaliación.

- Caderno do alumnado, actividade diaria (implicación e participación), traballo, esforzo e afán de superación: 10% da nota de avaliación. Obtense das cualificacións recollidas das actividades e do traballo diario na aula (implicación e participación), do traballo, esforzo e afán de superación e da nota do caderno. No caso de educación telemática e/ou

semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte desta (máis do 70% das sesións) o apartado caderno do alumnado suporá o 10% da nota da avaliación.

É necesario aclarar algúns aspectos que deben ser tidos en conta á hora de establecer as notas:

- Todos os instrumentos de avaliación (exames escritos e orais, probas específicas, traballos obrigatorios, lecturas, actividades, caderno do alumnado, actividade diaria, traballo, afán de superación, esforzo...) valoraranse entre 0-10 puntos, calculando o valor final en cada avaliación segundo as porcentaxes expresadas anteriormente.

- A nota final da avaliación resultará de sumar os valores de cada un dos apartados sinalados anteriormente, aplicando as porcentaxes indicadas. O alumnado superará a avaliación se, ao sumar todos os apartados nas porcentaxes indicadas anteriormente, obtén, como mínimo, 5 puntos.

- En caso de que resulten números decimais na nota de avaliación, actuarase do seguinte xeito:

- En caso de que non se chegue a medio punto (0,1; 0,2; 0,3; 0,4), considerarase o número enteiro anterior (exemplo: 5,4 a nota será de 5 ou Suficiente).

- En caso de que sexa de medio punto ou superior, asignarase o número enteiro superior sempre e cando o apartado referido a "Caderno do alumnado, actividade diaria (implicación e participación), traballo, esforzo e afán de superación" presente unha nota superior a 0,60 puntos (1 punto é o máximo), e de que se teña polo menos un 0,60 (1 punto é o máximo) no apartado "Probas específicas: Controis, lecturas e/ou actividades", en caso de que non sexa así, reducirase ao número enteiro inferior.

- Se o estudante non acadou un 5 ao sumar todos os apartados (segundo as porcentaxes indicadas), considerarase que non superou a avaliación e deberá facer un exame e/ou actividades de recuperación das avaliacións suspensas ao longo do curso.

- Os exames e/ou actividades de recuperación da 1ª e 2ª avaliacións realizaranse, preferentemente, tras finalizar estas. No caso da 3ª avaliación realizaranse no mes de xuño.

- No caso de ter que recuperar todas as avaliacións, o alumnado que o precise realizará un exame e/ou actividades de recuperación no mes de xuño, superando a materia se obtén, como mínimo, 5 puntos.

- O exame e/ou actividades de recuperación basearase nos contidos mínimos esixibles, tendo de referencia aqueles practicados ao longo de todo o curso. O aprobado nesta proba significará a superación da materia. É dicir, considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

- O alumnado que non logre unha media de 5 puntos tras facer estas probas e/ou actividades de recuperación non aprobará a materia. .

- O alumnado que non realice algún exame na data prevista, sempre e cando teña un motivo xustificado da falta, deberá realizalo o máis pronto posible, tras a súa reincorporación ás clases. En caso de que non exista un motivo xustificado a nota será de cero puntos.

- No caso do alumnado que sexa descuberto copiando nunha proba ou exame será cualificado con cero puntos.

- Coa finalidade de evitar plaxios, nas rúbricas para a elaboración dos traballos e outras actividades que o alumnado teña que realizar durante o curso terase en conta, entre outros aspectos, a orixinalidade tanto na súa elaboración como na presentación dos mesmos.

### **Criterios de recuperación:**

- As recuperacións durante o curso recóllense no apartado anterior xa que aquí a limitación de caracteres non permitía gardalo.

- Alumnado coa materia pendente: No momento no que haxa alumnado coa materia pendente será titorizado pola profesora que lles imparte clase no curso vixente. Esta entregará boletíns de exercicios de práctica e reforzo (baseados nos contidos mínimos esixibles), solucionará dúbidas e guiará no proceso de estudo. Para superar a materia pendente, o alumnado terá dúas posibilidades:

- A realización e presentación de boletíns de exercicios entregados pola profesora ao longo do curso. Se o alumnado acadou un mínimo de 5 sobre 10, darase por superada a materia e o estudante non terá que realizar proba escrita no mes de xuño.

- Se o alumnado non realiza nin entrega ditas tarefas e/ou parte delas, realizará a correspondente proba escrita no mes de xuño, na data que o centro estime oportuna. O 100% da superación da materia pendente, neste caso, queda suxeita a dito exame, para a cal será imprescindible acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10. No caso de superar a materia por medio desta última recuperación (no mes de xuño) a nota será un 5, independentemente da nota acadada, xa que se tratará dun exame de mínimos que non incluírá moitos dos contidos avaliados durante o curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Un dos obxectivos básicos das medidas de atención á diversidade será dar resposta ás diferentes necesidades do alumnado desta etapa tendo en conta que non todos teñen a mesma capacidade para aprender e seguir o ritmo no proceso de ensino-aprendizaxe, sendo imprescindible, unha vez detectadas as necesidades específicas, o tratamento individualizado. En todos os casos valoraremos o progreso individual en función dos obxectivos marcados (potenciando o traballo con contidos procedimentais), informando previamente ao alumnado do que se lle pide. As medidas de atención á diversidade daranse en dous niveis:

- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivándose máis.

- Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e aprofundamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas concretas de atención á Diversidade para cada materia e grupo, indicaranse no desenvolvemento de cada unha das programacións de materia, unha vez realizada a xunta de avaliación inicial, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, PT e AL, así como as necesidades que, entre o alumnado poidan xurdir, no transcurso do presente curso 2023/2024, realizando as pertinentes adaptacións curriculares, no caso de que estas sexan precisas. Á espera de concretar as medidas extraordinarias para o caso do alumnado que o precise, contemplamos as seguintes medidas:

- Organizativas:
  - Adecuación da estrutura organizativa do centro e/ou da aula
  - Tempos e espazos adaptados e horarios específicos
  - Materiais e recursos didácticos adaptados, desdoblamento de grupo e reforzo educativo
- Curriculares:
  - Adaptación metodolóxica con traballos colaborativos en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos.
  - Tutoría e/ou aprendizaxe por iguais.
  - Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
  - Programa de reforzo educativo.
  - Programa específico repetidor da materia.
  - Adaptacións curriculares, se son precisas.
  - Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
  - Graduación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
  - Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
  - Materiais e recursos diversificados e inclusivos que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
  - Actividades de reforzo e consolidación.
  - Aprendizaxe por Proxectos.
  - Traballo colaborativo.
  - Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
  - Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
  - Retro alimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso (de momento non hai alumnado nesta circunstancia, aínda que, ao longo do curso poden aparecer novas matrículas que estean nesa situación, de ser así a profesora actuará como sigue:

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. O plan específico personalizado inclúe:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.



- Acreditación da información á familia.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X		
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla - coloquio de antigas/os alumnas/os	Actividade programada para interactuar con antigo alumnado do centro, na cal contarán as súas experiencias formativas e profesionais.	X		
Taller de elaboración de perfil profesional/CV	Taller impartido por profesionais do sector da orientación laboral no cal traballarán con ferramentas para elaborar perfís profesionais, CV...		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla - coloquio do Departamento de Orientación	Charla impartida por profesionais do sector da orientación para valorar posibles saídas laborais e profesionais		X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

#### Descrición:

A profesora someterá á avaliación a súa práctica docente no proceso de ensino-aprendizaxe.

- No referente á Práctica docente: esta avaliación realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conterán unha escala de valoración xirando entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

- No referente ao Proceso do ensino: para avalialo a profesora dispón dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario recóllense aspectos sobre:

\* A programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación).

\* Desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..)

\* Avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A profesora realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada pola profesora e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobarase o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade, á realidade e ás necesidades do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	40
4.2. Materiais e recursos didácticos	41
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	42
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	42
6. Medidas de atención á diversidade	45
7.1. Concreción dos elementos transversais	45
7.2. Actividades complementarias	46
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	47
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	49
9. Outros apartados	49

## 1. Introducción

A materia de Latín de 4º de ESO comprende distintos bloques de contidos de igual importancia, mais que non poden recibir nin unha mesma asignación horaria, nin un mesmo peso á hora de avaliar a materia. Esta programación priorizará os contidos de natureza lingüística, fronte aos contidos de tipo histórico, social, cultural, etc.

A distribución de unidades didácticas merece tamén unha breve explicación. Parece conveniente introducir a materia dando ao alumnado unha serie de coñecementos de referencia que lle permitan contextualizar os contidos dos textos aos que vai acceder a través dos coñecementos lingüísticos que adquira neste curso. É por isto que se propón concentrar no inicio do ano académico unha serie de unidades didácticas que teñen como finalidade dotar ao alumnado destes coñecementos básicos. Isto non supón que estes aspectos non volvan ser tratados posteriormente durante o curso. Todo o contrario, este coñecemento básico inicial sobre a historia de Roma, formas de goberno, etc., facilitará que o alumnado poida entender e acceder mellor aos contidos dos textos, tanto en latín como en tradución que sexan obxecto de traballo.

Con respecto ao alcance dos contidos gramaticais pártese dunha dobre premisa. Por unha banda, a materia de Latín de 4º de ESO debe ser considerada como o primeiro ano de lingua latina para o alumnado que opte polo itinerario de Humanidades no Bacharelato. Por outra, debe ser considerada como un achegamento á lingua latina para o alumnado que posteriormente non escolla a devandita modalidade de Bacharelato ou ben opte por outro tipo de estudos. Así pois, optouse por abordar uns contidos reducidos para potenciar a aprendizaxe non reflexiva da gramática básica e a dunha grande cantidade de vocabulario tamén básico, no que se inclúen fórmulas comunicativas orais e escritas. O alumnado, ao remate do curso, coñecerá en profundidade a categoría gramatical que lle resulta máis estraña, o caso, mais non todos os modelos flexivos do nome. Na morfoloxía verbal non irá máis alá dos tempos simples e da voz activa, se ben se pode introducir marxinalmente a voz pasiva para explicar fórmulas ou expresións idiomáticas. Déixanse para outros cursos, pois, as formas non persoais do verbo, coa excepción de infinitivo de presente activo e un primeiro achegamento ás construcións de infinito con acusativo. Tamén estarían fóra dos obxectivos deste ano a gradación do adxectivo, dedicándose, en cambio, moito tempo ao uso correcto das preposicións, conectores básicos e os adverbios. Con este deseño da programación o que se pretende conseguir é que o alumnado, ao cabo do curso, teña un coñecemento ben consolidado polo uso dunha morfoloxía básica do latín e, ademais, un coñecemento importante de vocabulario e das construcións sintácticas básicas máis frecuentes. Isto será, para o alumnado que continúe polo itinerario de Humanidades, a base sobre a que proseguir o seu estudo e coñecemento da lingua latina.

É importante lembrar que os contidos gramaticais concretos que se establecen como horizonte nesta programación modelo poden ser reducidos e/ou ampliados por cada persoa docente tendo como única limitación o establecido na lexislación vixente.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2	2-3				1		1
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.		2-3	1				3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2	1-2	1		4			1
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2				
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-3		1-4		1-2

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A lingua latina.	<p>Nesta UD preténdese introducir aspectos básicos da lingua latina: orixe, parentesco con outras linguas europeas e do resto do mundo, abecedario, pronuncia, evolución do latín ás linguas románicas peninsulares, diferenzas entre palabras patrimoniais, semicultismos, cultismos e latinismos. Preténdese tamén que o alumnado domine de modo automático unhas mínimas fórmulas básicas da lingua latina como o saúdo, a despedida, frases para expresar que non entende algo, etc. O obxectivo é que interiorice certas expresións idiomáticas asociadas a determinados contextos. O aprendido nesta UD é moi importante de cara ao resto do curso, porque supón o</p>	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A lingua latina.	soporte da comunicación básica na aula entre profesorado e alumnado.	10	11	X		
2	A cidade de Roma.	<p>Nesta UD preténdese un achegamento á historia da fundación de Roma.</p> <p>A nivel lingüístico e gramatical traballaranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Clases de palabras (variables e invariables).</li> <li>- Os casos e as declinacións (conceptos xerais).</li> <li>- A 1ª declinación.</li> <li>- Vocabulario.</li> <li>- A formación de palabras (normas de evolución fonética, creación de novos termos e latinismos).</li> </ul> <p>Ademais, daranse unhas pautas iniciais para aprender a traducir, que serán de aplicación nesta e nas seguintes UD.</p> <p>Iniciación á literatura latina a través de fragmentos breves de textos clásicos.</p>	10	11	X		
3	A historia de Roma.	<p>Nesta UD preténdese un achegamento á historia de Roma (Monarquía, República e Imperio).</p> <p>A nivel lingüístico e gramatical traballaranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A 2ª declinación.</li> <li>- Vocabulario.</li> <li>- Os adxectivos (características xerais, os adxectivos 2-1-2).</li> <li>- A formación de palabras (normas de evolución fonética, creación de novos termos e latinismos).</li> </ul> <p>Ademais, ampliáranse as pautas para traducir que xa foron introducidas na UD anterior.</p> <p>Iniciación á literatura latina a través de fragmentos breves de textos clásicos.</p>	10	10	X		
4	Hispania.	<p>Nesta UD preténdese un achegamento á historia da Hispania romana (a conquista de Hispania, a división provincial, a organización política e administrativa, a organización social e a organización económica).</p> <p>A nivel lingüístico e gramatical traballaranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O verbo latino (os tres temas verbais, as catro conxugacións, desinencias persoais da voz activa, o presente de indicativo activo e o presente do verbo sum).</li> <li>- As preposicións (o complemento circunstancial de lugar).</li> <li>- Vocabulario.</li> <li>- A formación de palabras (normas de</li> </ul>	10	10	X		



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Hispania.	evolución fonética, creación de novos termos e latinismos). Ademais, continuarase coa iniciación á literatura latina a través de fragmentos breves de textos clásicos.	10	10	X		
5	A estrutura social romana.	Nesta UD preténdese un achegamento ás clases sociais romanas (os cidadáns e os non cidadáns) A nivel lingüístico e gramatical traballaranse os seguintes aspectos: - A 3ª declinación (temas en consoante). - O pretérito imperfecto de indicativo. - Vocabulario. - A oración composta (oracións coordinadas xustapostas, copulativas, adversativas e disxuntivas). - A formación de palabras (normas de evolución fonética, creación de novos termos e latinismos). Ademais, continuarase coa iniciación á literatura latina a través de fragmentos breves de textos clásicos.	10	11		X	
6	A organización política en Roma.	Nesta UD preténdese un achegamento ás institucións políticas de Roma (as maxistraturas, o Senado e as asembleas). A nivel lingüístico e gramatical traballaranse os seguintes aspectos: - A 3ª declinación (temas en -i). - Adxectivos da 3ª declinación (3-3). - O futuro imperfecto de indicativo. - Vocabulario. - A formación de palabras (normas de evolución fonética, creación de novos termos e latinismos). Ademais, continuarase coa iniciación á literatura latina a través de fragmentos breves de textos clásicos.	10	10		X	
7	O exército romano.	Nesta UD preténdese un achegamento á organización militar romana (composición do exército romano, graduación dos mandos, armamento utilizado, a vida no exército romano e a estratexia militar). A nivel lingüístico e gramatical traballaranse os seguintes aspectos: - A 4ª declinación. - A 5ª declinación. - O tema de perfecto. - Vocabulario. - A formación de palabras (normas de evolución fonética, creación de novos termos e latinismos). Ademais, continuarase coa iniciación á literatura latina a través de fragmentos breves de textos clásicos.	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A relixión en Roma.	<p>Nesta UD preténdese un achegamento á relixión en Roma (características, cultos e divinidades).</p> <p>A nivel lingüístico e gramatical traballaranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os pronomes persoais e demostrativos.</li> <li>- O pretérito pluscuamperfecto.</li> <li>- O futuro perfecto.</li> <li>- Vocabulario.</li> <li>- A formación de palabras (normas de evolución fonética, creación de novos termos e latinismos).</li> </ul> <p>Ademais, continuarase coa iniciación á literatura latina a través de fragmentos breves de textos clásicos.</p>	10	10			X
9	Familia e educación en Roma.	<p>Nesta UD preténdese un achegamento ás características principais da familia e a educación en Roma (a familia romana, o matrimonio, o divorcio, a infancia, as diferentes etapas do ensino e a educación física).</p> <p>A nivel lingüístico e gramatical traballaranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os numerais.</li> <li>- A voz pasiva.</li> <li>- Vocabulario.</li> <li>- A formación de palabras (normas de evolución fonética, creación de novos termos e latinismos).</li> </ul> <p>Ademais, continuarase coa iniciación á literatura latina a través de fragmentos breves de textos clásicos.</p>	10	11			X
10	Lecer e tempo libre.	<p>Nesta UD preténdese un achegamento ás características das actividades de lecer e os espectáculos en Roma, como son os "ludi circenses" (xogos de gladiadores, homes contra feras, carreiras de carros), os "ludi scaenici", as termas e os banquetes.</p> <p>A nivel lingüístico e gramatical traballaranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- As formas nominais do verbo: infinitivo e participio.</li> <li>- Vocabulario.</li> <li>- A formación de palabras (normas de evolución fonética, creación de novos termos e latinismos).</li> </ul> <p>Ademais, continuarase coa iniciación á literatura latina a través de fragmentos breves de textos clásicos.</p>	10	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A lingua latina.	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos utilizados de xeito recorrente aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	PE	50
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando algúns latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos moi breves e moi sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais especialmente salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	TI	50
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades modernas.		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar de xeito xustificando a diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas moi sinxelas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións artísticas máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións artísticas.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas máis salientables da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, valorando a importancia da súa conservación.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.</li> <li>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.</li> <li>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.</li> <li>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.</li> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.</li> <li>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.</li> <li>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.</li> <li>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.</li> <li>- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A cidade de Roma.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos máis salientables da historia de Roma, os acontecementos e personaxes principais, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico.	PE	50
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais dun texto, contextualizándoo e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar xustificadamente textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes utilizados de xeito recorrente aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando algúns latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos moi breves e moi sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas máis salientables coa Antigüidade latina.		
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades modernas.		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar de xeito xustificando a diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas moi sinxelas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	TI	50
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, comparando as similitudes e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándooos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándooos como fonte de inspiración de manifestacións literarias.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas máis salientables da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, valorando a importancia da súa conservación.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado literario da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.</li> <li>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.</li> <li>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.</li> <li>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.</li> <li>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.</li> <li>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.</li> </ul>

## Contidos

- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
3	A historia de Roma.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos máis salientables da historia de Roma, os acontecementos e personaxes principais, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico.		
6.1.- Guiando o establecemento adecuado de metas. (Poñer exemplos de procesos e definición de metas, proporcionar apoios para estimar a súa consecución, visualizar as metas, etc.).

6.2.- Apoiando a planificación e o desenvolvemento de estratexias. (Usar freos cognitivos, chamadas a parar e pensar, revisar portafolio ou similares, proporcionar listas de comprobación para establecer prioridades, etc.).

6.3.- Facilitando a xestión de información e recursos. (Proporcionar organizadores gráficos para recollida e organización de información).

6.4.- Aumentando a capacidade para facer un seguimento dos avances. (Facer preguntas guía, mostrar representacións dos progresos, proporcionar modelos de autoavaliación, etc.).

#### III. Proporcionar múltiples formas de implicación.

##### PAUTA 7. Opcións para captar o interese.

7.1.- Optimizando a elección individual e a autonomía. (Proporcionar ao alumnado posibilidades de elección no contexto ou contidos utilizados para a avaliación das competencias, das ferramentas para recoller e producir información, das secuencias e tempos para completar as tarefas, etc.).

7.2.- Optimizando a relevancia, o valor e a autenticidade. (Deseñar actividades e propoñer fontes de información para que poidan ser personalizadas, socialmente relevantes, culturalmente significativas, actividades con resultados comunicables, que permitan a investigación, que fomenten o uso da imaxinación, etc.).

7.3.- Minimizando a inseguridade e as distraccións. (Crear un clima de apoio, reducir os niveis de incerteza creando rutinas de clase, variando os niveis de estimulación sensorial para que a aprendizaxe poida ter lugar).

##### PAUTA 8. Opcións para manter o esforzo e a persistencia.

8.1.- Resaltando a relevancia das metas. (Pedir ao alumnado que formule o obxectivo de forma explícita, fomentar a división de metas en obxectivos a curto prazo, involucrar aos alumnos e as alumnas en debates de avaliación, etc.).

8.2.- Variando as esixencias e os recursos para optimizar os desafíos. (Diferenciar o grao de complexidade con que poden completar as tarefas, proporcionar ferramentas alternativas, facer fincapé no proceso, etc.).

8.3.- Fomentando a colaboración e a comunidade. (Crear grupos cooperativos, proporcionar indicadores para pedir apoio a compañeiros e compañeras, fomentar as oportunidades de interacción, etc.).

8.4.- Utilizando o feedback orientado cara á excelencia nunha tarefa. (Proporcionar feedback que saliente o esforzo, que sexa informativo e non competitivo, que fomente a perseveranza, etc.).

##### PAUTA 9. Opcións para a autorregulación.

9.1.- Promovendo expectativas e crenzas que optimicen a motivación. (Proporcionar avisos, listas, rúbricas que se

centren en obxectivos de autorregulación, proporcionar apoios que modelen o proceso para establecer metas persoais, apoiar actividades que propicien a autoreflexión, etc.).

9.2.- Facilitando estratexias e habilidades para afrontar problemas da vida cotiá. (Proporcionar modelos para xestionar a frustración e buscar apoios emocionais, manexar adecuadamente as fobias, usar situacións reais para demostrar habilidades e para afrontar os problemas, etc.) .

9.3.- Desenvolvendo a auto-avaliación e a reflexión. (Desenvolver actividades que inclúan medios que permitan ao alumnado obter feedback que favorezan o recoñecemento do progreso e permitan controlar os cambios na conduta dos alumnos e as alumnas).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

#### 1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita

Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos)

#### 2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital

Observación: O uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).

#### 3. O emprendemento social e empresarial

Observación: propoñeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.

#### 4. O fomento do espírito crítico

Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.

#### 5. A educación emocional e en valores

Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas de divulgación científica das universidades galegas	En función da dispoñibilidade. Investigadores dalgunha universidade galega das facultades de Física ou Química imparten unha charla sobre aspectos de interese para a materia.	X	X	X

### Observacións:

Sempre que se prepare con antelación, poderanse realizar actividades ou saídas tales como, conferencias, obradoiros, visitas a museos, exposicións temporais, etc, ou calquera outra saída ou actividade de interese que poida xurdir ao longo do curso. Poderá acordarse xunto con outros departamentos a realización dunha feira científica no terceiro trimestre ou actividades similares.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Desenvolvemento temporal da programación
Adecuación de contidos e actividades ao contexto socioacadémico
Resultados académicos acadados
Metodoloxía empregada
Adecuación dos instrumentos de avaliación ao contexto socioacadémico
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grao de aproveitamento da aula de informática
Medidas de atención á diversidade
Grao de aproveitamento das medidas de atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co resto do profesorado

### Descrición:

#### ITEMS

1. Desenvolvemento temporal da programación: en función das UD's desenvolvidas  
 ·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)

2. Adecuación de contidos e actividades ao contexto socioacadémico: en función da porcentaxe de alumnos que son

quen de os asimilar/desenvolver con normalidade

·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)

3. Adecuación dos instrumentos de avaliación ao contexto socioacadémico: en función da porcentaxe de alumnos que son quen de os superar con normalidade

·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)

4. Resultados académicos acadados: en función da porcentaxe de alumnos aprobados

·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)

5. Grao de aproveitamento das medidas de atención á diversidade: en función da porcentaxe das medidas adoptadas que amosan resultado positivo logo da súa implementación no alumnado que precisa delas

·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)

6. Grao de aproveitamento da aula de informática: en función da porcentaxe de alumnos capaces de desenvolver con normalidade as prácticas na mesma

·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)

7. Coordinación co resto do profesorado:

·1 (NON SATISFACTORIA) 2 (ACEPTABLE) 3 (SATISFACTORIA) 4 (EXCELENTE)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Alén das observacións tiradas no desenvolvemento das distintas UD's e mais das reunións de departamento, que permitan corrixir sobre a marcha as posibles eivas detectadas nos indicadores de logroao longo do curso, farase unha valoración global ao final do mesmo para propoñer cambios a futuro na presente programación.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Matemáticas B	4º ESO	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Matemáticas do 4º curso da ESO, opción B. Na súa elaboración tívose como referencia o decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

No 4º curso da ESO, opción B, deste centro educativo hai 1 grupo, compostos por 22 alumnas e alumnos

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.			1-2-3-4	2	5		3	4
OBX2 - Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.			1-2	2	4	3	3	
OBX3 - Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4 - Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.			1-3	2-3				1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións diversas.			1-2	3-5		4	2-3	1
OBX7 - Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.			3	1-2-5			3	4
OBX8 - Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.	1-3	1	2-4	2-3			3	3
OBX9 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxec			5		1-4-5		2	3
OBX10 - Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matem	5	3	3		1-3	2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A linguaxe matemática	Conxuntos de números. Os números complexos: definicións e operacións básicas. Linguaxe da álgebra de conxuntos: conxunto universal, complementario, unión e intersección. Diagramas de Venn. Teoremas e demostracións. Erros e aproximacións.	6	10	X		
2	Potencias	Potencias e as operacións con elas.	5	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Potencias	Simplificacións de torres de potencias. Notación científica e exemplos na ciencia. Interese simple e composto en economía.	5	10	X		
3	Radicais e logaritmos	Operacións conxugadas a unha potencia radicais e logaritmos. Operacións con radicais: usando as propiedades das potencias e usando as propiedades propias dos radicais. Racionalización de cocientes de radicais. Os logaritmos e o seu tratamento nas operacións.	5	10	X		
4	Polinomios e fraccións alxébricas	Polinomios e operacións entre eles. Factorización de polinomios mediante factor común, produtos notables, polinomio de segundo grado e o método de Ruffini. Operacións e simplificación de fraccións alxébricas.	6	10	X		
5	Ecuacións	Ecuacións polinómicas: primer grado, segundo grado completas e incompletas, bicuadradas, método de Ruffini para calquer grado, ... Ecuacións, racionais, irracionais, exponenciais, logarítmicas e factorizables.	6	10	X	X	
6	Sistemas de ecuacións e inecuacións	Sistemas de ecuacións lineais: solucións gráfica e analíticas. Tipos de sistemas según a existencia de solucións (SCD, SDI, SI). Sistemas lineais con máis de dúas ecuacións e incógnitas. Sistemas non lineais. Inecuacións e sistemas de inecuacións.	6	10		X	
7	Funcións	Diferenza entre relación e función. Funcións entre espazos multidimensionais. Formas de expresar unha función. Cómo debuxar unha gráfica. Dominio e percorrido. Función inxectiva, sobrexectiva e bixectiva. Cortes cos eixos. Crecementos e extremos. Periodicidade e simetría. Operacións e composicións de funcións. Función inversa. Interpretación da gráfica dunha función.	6	10		X	
8	Funcións elementais	Estudo das funcións básicas: lineais, cuadráticas, , racionais, irracionais, exponenciais, logarítmicas, ... Funcións definidas a trozos e valor absoluto.	5	8		X	
9	Semellanza	Semellanza, escala e razón de semellanza. Teorema de Tales e triángulos en posición de Tales. Criterios de semellanza de triángulos. Teoremas do cateto e da altura. Semellanza de rectángulos.	5	8		X	
10	Trigonometría	Razóns e relacións trigonométricas. Funcións inversas das razóns trigonométricas. Solución de triángulos rectángulos e non rectángulos. Comportamiento nos eixos e cuadrantes. Ángulos fora da primeira volta. Realción	6	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Trigonometría	entre radiáns e grados. Gráficas das funcións trigonométricas básicas.	6	10			X
11	Xeometría analítica	Vectores e operacións con vectores. Ecuacións das rectas horizontais, verticais e oblicuas. Posicións relativas, paralelismo e perpendicularidade. Distancia entre dous puntos. Ecuacións da circunferencia.	6	10			X
12	Combinatoria e probabilidade	Sucesos aleatorios, probabilidade e lei de Laplace. Técnicas de conteo: diagramas de árbore e táboa de continxencia. Experimentos compostos. Combinatoria: Permutacións, variacións e combinacións, con e sen repetición.	6	8			X
13	Estatística	Principais exemplos de estatística descriptiva e inferencial. lei D'Hondt de reparto de escanos políticos. Táboas, parámetros e representacións estatísticas para variables discretas e continuas. Falsedades na interpretación de matemáticas e estatísticas.	6	6			X
14	Estatística bidimensional	Distribucións bidimensionais: centro de gravidade e táboa de continxencia. Parámetros: covarianza e coeficiente de correlación. Recta de regresión lineal. Cálculo mediante unha calculadora científica avanzada.	6	6			X
15	Matemáticas para a vida en sociedade	Trátase dunha unidade transversal que reúne os criterios de avaliación e contidos asociados ao sentido socioafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.	20	14	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A linguaxe matemática	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Analizar e aplica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.	PE	100
CA1.6 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, oralmente e por escrito, para describir, explicar e xustificar os razoamentos, procedementos e conclusións.	Comunica información utilizando a linguaxe matemática apropiada.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Recoñecer e empregar, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá e en diversos contextos comunicando mensaxes con contido matemático.	Recoñece e emprega, con precisión e rigor, a linguaxe matemática.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cantidade.</li> <li>- Obtención e interpretación dos erros absoluto e relativo.</li> <li>- Realización de estimacións en diversos contextos analizando o erro cometido.</li> <li>- Relacións.</li> <li>- Ordenación na recta numérica de números reais.</li> <li>- Obtención e representación de intervalos na recta real.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Potencias	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Interpretar e reformular problemas matemáticos utilizando as ferramentas dixitais máis adecuadas para representar matematicamente a información máis relevante dun problema.	Interpreta e reformula problemas matemáticos utilizando as ferramentas dixitais máis adecuadas.	PE	100
CA1.2 - Resolver situacións problematizadas mobilizando os coñecementos necesarios, analizando e aplicando as ferramentas e estratexias máis apropiadas.	Resolve situacións problematizadas mobilizando os coñecementos necesarios.		
CA1.3 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propoñe situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas.		
CA1.4 - Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Analiza e aplica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		
CA1.5 - Usar diferentes ferramentas, incluídas as dixitais e as formas de representación (pictórica, gráfica, verbal ou simbólica) valorando a súa utilidade para compartir información.	Usa diferentes ferramentas, incluídas as dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo.</li> <li>- Resolución de situacións e problemas da vida cotiá mediante técnicas de combinatoria: variacións, permutacións e combinacións.</li> <li>- Cantidade.</li> <li>- Uso de potencias de expoñente fraccionario e radicais. Propiedades e transformacións.</li> <li>- Uso dos números reais para expresar cantidades en contextos diversos, coa precisión requirida.</li> <li>- Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade expresada por un número real para cada situación ou problema.</li> <li>- Sentido das operacións.</li> <li>- Uso das propiedades das operacións aritméticas para realizar cálculos con números reais de maneira eficiente con calculadora adaptando as estratexias a cada situación.</li> <li>- Relacións.</li> <li>- Significado e aplicación dos números reais.</li> <li>- Razoamento proporcional.</li> <li>- Situacións de proporcionalidade directa inversa e composta en diversos contextos. Resolución de problemas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Radicais e logaritmos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar e reformular problemas matemáticos utilizando as ferramentas dixitais máis adecuadas para representar matematicamente a información máis relevante dun problema.	Interpreta e reformula problemas matemáticos.	PE	100
CA1.2 - Resolver situacións problematizadas mobilizando os coñecementos necesarios, analizando e aplicando as ferramentas e estratexias máis apropiadas.	Resolve situacións problematizadas mobilizando os coñecementos necesarios.		
CA1.3 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propón situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Analiza e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		
CA1.5 - Usar diferentes ferramentas, incluídas as dixitais e as formas de representación (pictórica, gráfica, verbal ou simbólica) valorando a súa utilidade para compartir información.	Usa diferentes ferramentas, incluídas as dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cantidade.</li> <li>- Definición e propiedades dos logaritmos.</li> <li>- Uso dos números reais para expresar cantidades en contextos diversos, coa precisión requirida.</li> <li>- Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade expresada por un número real para cada situación ou problema.</li> <li>- Sentido das operacións.</li> <li>- Uso das propiedades das operacións aritméticas para realizar cálculos con números reais de maneira eficiente con calculadora adaptando as estratexias a cada situación.</li> <li>- Relacións.</li> <li>- Significado e aplicación dos números reais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Polinomios e fraccións alxébricas	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformula problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos.	PE	100
CA4.8 - Recoñecer e empregar, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá e en diversos contextos, comunicando mensaxes con contido matemático.	Recoñece e emprega, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Patróns.</li> <li>- Patróns, pautas e regularidades: análise e extensión determinando a regra de formación de diversas estruturas que</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- inclúan identidades notables e fraccións alxébricas.</li> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Modelización e resolución de problemas contextualizados apoiándose en representacións matemáticas e na linguaxe alxébrica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Ecuacións	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformula problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos.	PE	100
CA4.2 - Xustificar as solucións óptimas dun problema desde diferentes perspectivas (matemática, de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable...).	Xustifica as solucións óptimas dun problema desde diferentes perspectivas.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	Modeliza situacións e resolve problemas de forma eficaz.		
CA4.6 - Conectar os coñecementos e as experiencias matemáticas entre si para formar un todo coherente.	Conecta os coñecementos e as experiencias matemáticas.		
CA4.7 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propón situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Modelización e resolución de problemas contextualizados apoiándose en representacións matemáticas e na linguaxe alxébrica.</li> <li>- Estratexias de dedución e análise de conclusións razoables dunha situación contextualizada unha vez modelizada.</li> <li>- Igualdade e desigualdade.</li> <li>- Uso da álgebra simbólica para representar relacións funcionais en contextos diversos.</li> <li>- Utilización e cálculo de formas equivalentes de expresións alxébricas na resolución de ecuacións, sistemas de ecuacións e inecuacións.</li> <li>- Discusión e procura de solucións de ecuacións lineais, cadráticas e de grao superior a dous en diversos contextos.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso da tecnoloxía para a resolución de ecuacións, inecuacións e sistemas de ecuacións e inecuacións.</li> <li>- Pensamento computacional.</li> <li>- Resolución de problemas mediante a descomposición en partes, a automatización e o pensamento algorítmico.</li> <li>- Identificación e análise de estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos.</li> <li>- Formulación e análise de problemas en diferentes contextos utilizando programas e ferramentas adecuadas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Sistemas de ecuacións e inecuacións	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformula problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos.	PE	100
CA4.2 - Xustificar as solucións óptimas dun problema desde diferentes perspectivas (matemática, de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable...).	Xustifica as solucións óptimas dun problema desde diferentes perspectivas.		
CA4.4 - Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	Xeneraliza patróns e proporciona unha representación computacional.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	Modeliza situacións e resolve problemas de forma eficaz.		
CA4.6 - Conectar os coñecementos e as experiencias matemáticas entre si para formar un todo coherente.	Conecta os coñecementos e as experiencias matemáticas.		
CA4.7 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propón situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Modelización e resolución de problemas contextualizados apoiándose en representacións matemáticas e na linguaxe alxébrica.</li> <li>- Estratexias de dedución e análise de conclusións razoables dunha situación contextualizada unha vez modelizada.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade e desigualdade.</li> <li>- Uso da álgebra simbólica para representar relacións funcionais en contextos diversos.</li> <li>- Utilización e cálculo de formas equivalentes de expresións alxébricas na resolución de ecuacións, sistemas de ecuacións e inecuacións.</li> <li>- Resolución de sistemas lineais e non lineais de dúas ecuacións e dúas incógnitas.</li> <li>- Resolución de inecuacións de primeiro e segundo grao.</li> <li>- Uso da tecnoloxía para a resolución de ecuacións, inecuacións e sistemas de ecuacións e inecuacións.</li> <li>- Pensamento computacional.</li> <li>- Resolución de problemas mediante a descomposición en partes, a automatización e o pensamento algorítmico.</li> <li>- Identificación e análise de estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos.</li> <li>- Formulación e análise de problemas en diferentes contextos utilizando programas e ferramentas adecuadas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Funcións	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Interpretar e reformular problemas matemáticos utilizando as ferramentas dixitais máis adecuadas para representar matematicamente a información máis relevante dun problema.	Interpreta e reformula problemas matemáticos.	PE	100
CA4.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformula problemas matemáticos de forma verbal e gráfica.		
CA4.3 - Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma estudando patróns, propiedades e relacións e empregando para iso as ferramentas tecnolóxicas máis adecuadas.	Formula, investiga e comproba conxecturas de forma autónoma.		
CA4.6 - Conectar os coñecementos e as experiencias matemáticas entre si para formar un todo coherente.	Conecta os coñecementos e as experiencias matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cambio.</li> <li>- Estudo gráfico do crecemento e decrecemento de funcións en contextos da vida cotiá co apoio de ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>- Estudo das taxas de variación absoluta, relativa e media en contextos diversos co apoio de ferramentas tecnolóxicas.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Variable.</li> <li>- Análise dos diferentes tipos de variables en diferentes contextos.</li> <li>- Estudo da taxa de variación media como medida do cambio dunha función nun intervalo.</li> <li>- Análise do comportamento dunha función, así como comparación de funcións usando taxas.</li> <li>- Relacións e funcións.</li> <li>- Aplicación da forma de representación máis adecuada na resolución de problemas en diferentes contextos (táboa, gráfica, expresión analítica).</li> <li>- Pensamento computacional.</li> <li>- Resolución de problemas mediante a descomposición en partes, a automatización e o pensamento algorítmico.</li> <li>- Identificación e análise de estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos.</li> <li>- Formulación e análise de problemas en diferentes contextos utilizando programas e ferramentas adecuadas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Funcións elementais	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Interpretar e reformular problemas matemáticos utilizando as ferramentas dixitais máis adecuadas para representar matematicamente a información máis relevante dun problema.	Interpreta e reformula problemas matemáticos.	PE	100
CA4.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformula problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos.		
CA4.3 - Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma estudando patróns, propiedades e relacións e empregando para iso as ferramentas tecnolóxicas máis adecuadas.	Formula, investiga e comproba conxecturas de forma autónoma.		
CA4.6 - Conectar os coñecementos e as experiencias matemáticas entre si para formar un todo coherente.	Conecta os coñecementos e as experiencias matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cambio.</li> <li>- Variable.</li> <li>- Análise dos diferentes tipos de variables en diferentes contextos.</li> </ul>

### Contidos

- Análise do comportamento dunha función, así como comparación de funcións usando taxas.
- Relacións e funcións.
- Aplicación da forma de representación máis adecuada na resolución de problemas en diferentes contextos (táboa, gráfica, expresión analítica).
- Representación gráfica de funcións elementais (lineais, cadráticas, definidas a anacos, exponenciais e logarítmicas). Estudo das súas propiedades a partir da representación gráfica e a súa interpretación en diferentes contextos.
- Estudo de relacións cuantitativas en diferentes contextos e selección do tipo de funcións que as modelizan.
- Uso de recursos tecnolóxicos para a representación e o estudo dunha función, así como para a comparación de funcións.
- Pensamento computacional.
- Resolución de problemas mediante a descomposición en partes, a automatización e o pensamento algorítmico.
- Identificación e análise de estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos.
- Formulación e análise de problemas en diferentes contextos utilizando programas e ferramentas adecuadas.

UD	Título da UD	Duración
9	Semellanza	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma estudando patróns, propiedades e relacións, empregando para iso as ferramentas tecnolóxicas máis adecuadas.	Formula, investiga e comproba conxecturas de forma autónoma.	PE	100
CA3.2 - Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	Xeneraliza patróns.		
CA3.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	Modeliza situacións e resolver problemas.		
CA3.4 - Usar diferentes ferramentas, incluídas as dixitais e formas de representación (pictórica, gráfica, verbal ou simbólica), valorando a súa utilidade para compartir información.	Usar diferentes ferramentas, incluídas as dixitais.		
CA3.5 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, oralmente e por escrito, para describir, explicar e xustificar os razoamentos, procedementos e conclusións.	Comunica información utilizando a linguaxe matemática apropiada.		
CA3.6 - Recoñecer e empregar, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá e en diversos contextos comunicando mensaxes con contido matemático.	Recoñece e emprega a linguaxe matemática		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Propiedades xeométricas dos obxectos matemáticos e da vida cotiá: investigación con programas de xeometría dinámica.</li> <li>- Uso dos triángulos para descompoñer formas xeométricas de dúas e tres dimensións, estudar as súas propiedades e calcular os seus elementos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	Trigonometría	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Resolver situacións problematizadas mobilizando os coñecementos necesarios, analizando e aplicando as ferramentas e estratexias máis apropiadas.	Resolve situacións problematizadas mobilizando os coñecementos necesarios.	PE	100
CA2.3 - Analizar e poñer en práctica conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Analiza e pon en práctica conexións entre diferentes procesos matemáticos.		
CA2.4 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propón situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas.		
CA2.5 - Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Analiza e aplica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medición.</li> <li>- Medición de ángulos. Concepto de radián.</li> <li>- Recoñecemento das razóns trigonométricas dun ángulo agudo.</li> <li>- Utilización das razóns trigonométricas e as súas relacións na resolución de problemas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	Xeometría analítica	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma estudando patróns, propiedades e relacións, empregando para iso as ferramentas tecnolóxicas máis adecuadas.	Formula, investiga e comproba conxecturas de forma autónoma.	PE	100
CA3.2 - Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	Xeneraliza patróns e proporciona unha representación computacional.		
CA3.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	Modeliza situacións e resolve problemas de forma eficaz.		
CA3.4 - Usar diferentes ferramentas, incluídas as dixitais e formas de representación (pictórica, gráfica, verbal ou simbólica), valorando a súa utilidade para compartir información.	Usa diferentes ferramentas, incluídas as dixitais.		
CA3.5 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, oralmente e por escrito, para describir, explicar e xustificar os razoamentos, procedementos e conclusións.	Comunica información utilizando a linguaxe matemática apropiada.		
CA3.6 - Recoñecer e empregar, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá e en diversos contextos comunicando mensaxes con contido matemático.	Recoñece e emprega, con precisión e rigor, a linguaxe matemática.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Propiedades xeométricas dos obxectos matemáticos e da vida cotiá: investigación con programas de xeometría dinámica.</li> <li>- Uso dos triángulos para descompoñer formas xeométricas de dúas e tres dimensións, estudar as súas propiedades e calcular os seus elementos.</li> <li>- Localización e sistemas de representación.</li> <li>- Definición de vector. Características e operacións.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas dimensións: representación e análise das súas propiedades utilizando a xeometría analítica.</li> <li>- Coñecemento e transformación de diferentes expresións alxébricas dunha recta.</li> <li>- Selección da expresión máis adecuada dunha recta en función da situación que haxa que resolver.</li> <li>- Movementos e transformacións.</li> <li>- Transformacións elementais na vida cotiá: investigación aplicando ferramentas tecnolóxicas e técnicas de xeometría analítica.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.</li> <li>- Uso dos modelos xeométricos para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas en situacións diversas.</li> <li>- Modelización de elementos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.</li> <li>- Elaboración e comprobación de conxecturas sobre propiedades xeométricas utilizando programas de xeometría dinámica ou outras ferramentas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	Combinatoria e probabilidade	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica, interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformula problemas matemáticos de forma verbal e gráfica.	PE	100
CA5.2 - Expor variantes dun problema que leven a unha xeneralización.	Expón variantes dun problema.		
CA5.3 - Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma.	Formula, investiga e comproba conxecturas.		
CA5.4 - Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	Xeneraliza patróns.		
CA5.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	Modeliza situacións e resolve problemas de forma eficaz.		
CA5.6 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propón situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas.		
CA5.7 - Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Analiza e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incerteza.</li> <li>- Aplicación do cálculo de probabilidades para tomar decisións fundamentadas en diferentes contextos aplicando a regra de Laplace e técnicas de recuento en experimentos simples e compostos.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Resolución de problemas sinxelos de probabilidade condicionada en contextos da vida real.</li> <li>- Planificación e realización de experimentos simples e compostos para estudar o comportamento de fenómenos aleatorios en situacións contextualizadas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
13	Estatística	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica, interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformula problemas matemáticos de forma verbal e gráfica.	PE	100
CA5.2 - Expor variantes dun problema que leven a unha xeneralización.	Expón variantes dun problema.		
CA5.3 - Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma.	Formula, investiga e comproba conxecturas.		
CA5.4 - Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	Xeneralizar patróns.		
CA5.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	Modeliza situacións e resolve problemas de forma eficaz.		
CA5.6 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propón situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas.		
CA5.7 - Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Analiza e aplica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización e análise de datos.</li> <li>- Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos dunha e dúas variables.</li> <li>- Recollida e organización de datos dunha situación da vida cotiá que involucre unha e dúas variables.</li> <li>- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante medios dixitais para interpretar a información estatística e obter conclusións razoadas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo das medidas de posición e dispersión máis relevantes para dar resposta a cuestións expostas en investigacións estatísticas.</li> <li>- Comparación de distribucións de datos atendendo a medidas de posición e dispersión.</li> <li>- Inferencia.</li> <li>- Deseño de estudos estatísticos reflexionando sobre as diferentes etapas do proceso. Selección da mostra.</li> <li>- Presentación e interpretación de datos relevantes en investigacións estatísticas.</li> <li>- Utilización dos métodos e as ferramentas dixitais adecuadas en investigacións estatísticas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
14	Estatística bidimensional	6

<b>Crterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica, interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformula problemas matemáticos de forma verbal e gráfica.	PE	100
CA5.2 - Expor variantes dun problema que leven a unha xeneralización.	Expón variantes dun problema.		
CA5.3 - Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma.	Formula, investiga e comproba conxecturas.		
CA5.4 - Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	Xeneraliza patróns e proporciona unha representación computacional.		
CA5.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	Modeliza situacións e resolve problemas de forma eficaz.		
CA5.6 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propón situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas.		
CA5.7 - Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Analiza e aplica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

Contidos
O deseño destas situacións debe supoñer a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propoñer tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes. Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propoñer accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire unha insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu

desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos para seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia. As orientacións metodolóxicas e para a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

**Recursos persoais:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, dende o profesorado da asignatura ata o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

**Recursos materiais:** Libro de texto. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta.

**Recursos tecnolóxicos** Ordenadores, robots educativos, encerados dixitais, proxectores, tabletas...

**Recursos dixitais:** Plataformas. Aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**Recursos espaciais:** A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao tratarse dunha materia de oferta obrigatoria para o centro educativo pero de libre elección para o alumnado, este pode acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é preciso que acredite coñecementos previos.

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.
- Recollida de información nas entrevistas iniciais coas familias ou co titor ou titora para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

A avaliación inicial vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado, con obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	15	10	10	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

30% corresponderá a unha avaliación con táboas de indicadores sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

50% corresponderá ao traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumnado e será medido a través de rúbricas e rexistros de control.

20% corresponderá a actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia.

No boletín a nota reflíctese cun número enteiro polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao enteiro inferior. A avaliación será aprobada cun 5 despois do redondeo.

A nota da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das notas reais (sen redondeo) das tres avaliacións que suporá o 90%. O 10% restante corresponderá ás actividades que faga o alumnado no periodo de recuperación ampliación entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria. O redondeo farase igual que nas avaliacións trimestrais.

### Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos. No caso de que a media das tres avaliacións non acade a nota de 5 despois do redondeo, programarase traballo de recuperación encamiñado a que o alumnado suspenso supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que, á súa vez, fará media para a nota da avaliación ordinaria. No periodo entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria o traballo do alumnado será individualizado de xeito que os alumnado que necesite reforzo reciba axuda nas dificultades que teña e poida superalas e os alumnado que teña superadas as tres avaliacións realice actividades de ampliación de forma máis lúdica.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A Educación Secundaria Obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e ao logro dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e a adquisición das competencias correspondentes e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar devanditos obxectivos e competencias e a titulación correspondente. Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias e fomentarse a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. A fin de promover o hábito da lectura, dedicarse un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivas e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles para a adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade das alumnas e alumnos como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos. En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, Elaborarase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliar ou hospitalaria. Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes: - Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais. - Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais. - Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos. - Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas a centros de culto, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc. - Establecer colaboracións con outras institucións (Igrexa, Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser o emprego dos materiais aportados por fundacións como Cáritas, Mans Unidas... - Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos pode ser o Plans Proxecta+, entre outros.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a centros de culto, centros de voluntariado, un museo, exposicións...		X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos o patrimonio natural, social e cultural máis próximo.		X	X
Charlas formativas	Asociacións, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.		X	X



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros	Xestión de emocións, prácticas sostibles¿	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser: festas do calendario litúrxico católico (especialmente Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), festas propias do centro , Día Internacional da Paz, semanas culturais¿	X	X	X

### Observacións:

Mediante a realización de actividades complementarias e extraescolares preténdese conseguir os seguintes obxectivos:

Ampliar o horizonte cultural do alumnado.

Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.

Fomentar a autonomía.

Cofecer e familiarizarse con acontecementos culturais que habitualmente non se ofrecen nos medios de comunicación de masas.

Conseguir mellorar as súas competencias básicas en contextos distintos.

Complementar o currículo das diferentes áreas.

Fomentar as inquiredanzas culturais no alumnado e contribuír ao seu desenvolvemento mediante actividades lúdicas.

Favorecer o desenvolvemento de temas transversais.

Desenvolver no alumnado valores de liberdade, responsabilidade, solidariedade e espírito crítico, fomentando as súas habilidades sociais.

A Xefatura de Estudos, como responsable da observancia da disciplina no Centro, poderá excluír das actividades complementarias ou extraescolares ao alumnado que incumpra de forma grave as normas de convivencia do centro ou teña reiteración de faltas leves

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida dos resultados das probas
Facilitación a cada alumna e alumno da axuda individualizada precisa
Atención adecuada á diversidade so alumnado
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familia

Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte do profesorado
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos

### **Descrición:**

Ademáis dos citados indicadores de logro, poderase incluír:

Se a programación se axústa ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión; se a estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais; se está adaptada ás características do centro e do grupo; se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa; se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe; se se planificou a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica; se tivo en conta os descritores operativos das competencias crave e buscou o diálogo curricular con outras materias; si é adecuada aos criterios de avaliación.

Se como profesor ou profesora reflexionei e avalíei a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario; se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais); se tiver en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Tecnoloxía	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

A materia de Tecnoloxía dálle continuidade á materia de Tecnoloxía e Dixitalización cursada nos primeiros anos da etapa de educación secundaria obrigatoria. Permite, ademais, profundar na adquisición de competencias, así como desenvolver unha actitude emprendedora con vistas a realizar estudos posteriores ou ao desempeño de actividades profesionais.

Os obxectivos da materia están intimamente relacionados con algúns dos elementos esenciais que conforman esta materia e que determinan o proceso de ensino e aprendizaxe desta: a natureza transversal propia da tecnoloxía, o impulso da colaboración e do traballo en equipo, o pensamento computacional e as súas implicacións na automatización e na conexión de dispositivos a Internet, así como o fomento de actitudes como a creatividade, a perseveranza, a responsabilidade no desenvolvemento tecnolóxico sostible ou o emprendemento incorporando as tecnoloxías dixitais. Por outra banda, cómpre salientar a resolución de problemas interdisciplinarios como eixe vertebrador da materia que reflicte o enfoque competencial desta.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar e propor problemas tecnolóxicos con iniciativa e creatividade, estudando as necesidades da súa contorna próxima e aplicando estratexias e procesos colaborativos e iterativos relativos a proxectos, para idear e planificar solucións de maneira eficiente, accesible, sostible e innovadora.			1-2	1-3	3-4		1-3	
OBX2 - Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando procedementos e recursos tecnolóxicos, ao tempo que se analiza o ciclo de vida de produtos para fabricar solucións tecnolóxicas accesibles e sostibles que dean resposta ás necesidades expostas.			2-5	2	4	4		4
OBX3 - Expresar, comunicar e difundir ideas, propostas ou solucións tecnolóxicas en diferentes foros de maneira efectiva cunha linguaxe inclusiva e non sexista, empregando os recursos dispoñibles e aplicando os elementos e as técnicas necesarias para intercambiar a información de maneira responsable e fomentar o traballo en equipo.	1		4	3	3			3
OBX4 - Desenvolver solucións automatizadas a problemas expostos aplicando os coñecementos necesarios e incorporando tecnoloxías emerxentes para deseñar e construír sistemas de control programables e robóticos.		2	1-3	5	5		3	
OBX5 - Aproveitar e empregar de maneira responsable as posibilidades das ferramentas dixitais, adaptándoas ás súas necesidades, configurándoas e aplicando coñecementos interdisciplinarios para a resolución de tarefas dunha maneira máis eficiente.		2		2-5	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Analizar procesos tecnolóxicos, tendo en conta o seu impacto na sociedade e a contorna aplicando criterios de sostibilidade e accesibilidade, para facer un uso ético e ecosocialmente responsable da tecnoloxía.			2-5	4		4		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O proxecto tecnolóxico	Introdución aos proxectos tecnolóxicos	5	5	X		
2	Electrónica analóxica	Elementos e circuitos analóxicos.	20	25	X		
3	Deseño e fabricación	Fabricación mecánica e dixital de diversos materiais.	10	10	X		
4	Electrónica dixital	Resolución de problemas con circuitos lóxicos.	15	20		X	
5	Sistemas neumáticos	Elementos e circuitos pneumáticos	15	15		X	
6	Proxecto de Control e robótica: deseño e montaxe.	Deseño dun sistema de control e robótica que resolva un problema determinado.	25	20		X	X
7	Documentación	Presentar e compartir o proxecto realizado, con todos os planos, esquemas, programas, material gráfico e audiovisual.	5	5			X
8	Automatización e robótica: Situación actual.	Análise dos actuais sistemas de IOT, BD e IA e o seu impacto na nosa sociedade.	5	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O proxecto tecnolóxico	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Idear e planificar solucións tecnolóxicas emprendedoras que xeren un valor para a comunidade a partir da observación e da análise da contorna máis próxima, estudando as súas necesidades, requisitos e posibilidades de mellora.	Idear solucións tecnolóxicas a problemas predefinidos	TI	100
CA1.4 - Analizar o deseño dun produto que dea resposta a unha necesidade exposta, avaliando a súa demanda, evolución e previsión de fin de ciclo de vida, cun criterio ético, responsable e inclusivo.	Coñecer o ciclo de vida de un produto		
CA1.6 - Analizar os beneficios que, no coidado da contorna, achegan a arquitectura bioclimática e o eco-transporte, valorando a contribución das tecnoloxías ao desenvolvemento sostible.	Utilizar criterios de sostibilidade no desenvolvemento dos proxectos		
CA1.7 - Identificar e valorar a repercusión e os beneficios do desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos de carácter social por medio de comunidades abertas, accións de voluntariado ou proxectos de servizo á comunidade.	Valorar os proxectos tecnolóxicos ao servizo da comunidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ciclo de vida dun produto e as súas fases. Análises sinxelas.</li> <li>- Tecnoloxía sostible: aforro enerxético no transporte e nas edificacións. Arquitectura bioclimática.</li> <li>- Comunidades abertas, voluntariado tecnolóxico e proxectos de servizo á comunidade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Electrónica analóxica	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.1. - Coñecer compoñentes electrónicos analóxicos básicos, a súa función e simboloxía.	Identificar os compoñentes electrónicos analóxicos básicos e a súa función. Análise de circuitos.	PE	80
CA3.2 - Utilizar vocabulario técnico, símbolos e esquemas de sistemas tecnolóxicos apropiados.	Utilizar correctamente os símbolos e esquemas electrónicos.		
CA3.1.4. - Realizar prácticas de circuitos representativos para a súa aplicación en proxectos	Realizar montaxes prácticas básicas.	TI	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Diseñar, construír, controlar e/ou simular sistemas automáticos ou robots que sexan capaces de realizar tarefas de forma autónoma, aplicando coñecementos de mecánica, electrónica, pneumática e compoñentes dos sistemas de control, así como outros coñecementos interdisciplinarios.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Electrónica analóxica. Compoñentes básicos, simboloxía, análise de circuítos elementais.</li> <li>- Deseño, montaxe física e/ou simulada de circuítos electrónicos e/ou pneumáticos elementais, enfocado á resolución de problemas técnicos e proxectos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Deseño e fabricación	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1.1. - Empregar software de deseño 3D para a elaboración de deseños.	Realización de prácticas de deseño por ordenador de obxectos e sistemas en 2D e 3D. .	TI	100
CA2.2 - Facer un uso responsable da tecnoloxía, mediante a análise e a aplicación de criterios de sostibilidade e accesibilidade na selección dos materiais e no seu deseño, así como nos procesos de fabricación de produtos tecnolóxicos, minimizando o impacto negativo sobre a sociedade e o medio ambiente.	Uso responsable e sostible dos materiais e utilización da maquinaria e instrumentación respectando as medidas de seguridade e hixiene.		
CA2.1 - Fabricar produtos e solucións tecnolóxicas aplicando ferramentas de deseño asistido, técnicas de elaboración manual, mecánica e dixital e utilizando os materiais e recursos mecánicos, eléctricos, electrónicos e dixitais adecuados.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de selección de materiais en base ás súas propiedades ou requisitos.</li> <li>- Sostibilidade e accesibilidade na selección de materiais e no deseño de procesos, produtos e sistemas tecnolóxicos.</li> <li>- Ferramentas de deseño asistido por ordenador en tres dimensións na representación e/ou fabricación de pezas aplicadas a proxectos.</li> <li>- Técnicas de fabricación manual e mecánica. Aplicacións prácticas.</li> <li>- Técnicas de fabricación dixital. Impresión en tres dimensións e corte. Aplicacións prácticas.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
4	Electrónica dixital	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.2. - Coñecer os elementos dun sistema electrónico dixital e resolver problemas lóxicos sinxelos.	Resolución de problemas sinxelos de electrónica dixital	PE	80
CA3.2 - Utilizar vocabulario técnico, símbolos e esquemas de sistemas tecnolóxicos apropiados.	Identificación de compoñentes e a súa función, interpretar circuitos e resolver problemas		
CA3.1.4. - Realizar prácticas de circuitos representativos para a súa aplicación en proxectos	Montaxes prácticas ou simuladas de circuitos electrónicos dixitais a partir de esquemas ou da formulación dun problema.	TI	20
CA3.1 - Diseñar, construír, controlar e/ou simular sistemas automáticos ou robots que sexan capaces de realizar tarefas de forma autónoma, aplicando coñecementos de mecánica, electrónica, pneumática e compoñentes dos sistemas de control, así como outros coñecementos interdisciplinarios.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Electrónica dixital básica. Compoñentes básicos. Resolución de problemas lóxicos e circuitos.</li> <li>- Diseño, montaxe física e/ou simulada de circuitos electrónicos e/ou pneumáticos elementais, enfocado á resolución de problemas técnicos e proxectos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Sistemas neumáticos	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.3. - Coñecer compoñentes básicos dun sistema pneumático, a súa función e simboloxía.	Identificar os diferentes elementos dun circuito pneumático e a súa función. Análise de circuitos pneumáticos.	PE	80
CA3.2 - Utilizar vocabulario técnico, símbolos e esquemas de sistemas tecnolóxicos apropiados.	Utilizar correctamente os símbolos e interpretar esquemas de circuitos pneumáticos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1.4. - Realizar prácticas de circuitos representativos para a súa aplicación en proxectos	Montaxes prácticas de circuitos pneumáticos a partir de esquemas ou a partir da formulación dun problema a resolver.	TI	20
CA3.1 - Diseñar, construír, controlar e/ou simular sistemas automáticos ou robots que sexan capaces de realizar tarefas de forma autónoma, aplicando coñecementos de mecánica, electrónica, pneumática e compoñentes dos sistemas de control, así como outros coñecementos interdisciplinarios.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pneumática básica. Compoñentes e circuitos básicos.</li> <li>- Deseño, montaxe física e/ou simulada de circuitos electrónicos e/ou pneumáticos elementais, enfocado á resolución de problemas técnicos e proxectos.</li> <li>- Compoñentes de sistemas de control programado: controladores, sensores e actuadores. Elementos mecánicos, electrónicos e pneumáticos aplicados á robótica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Proxecto de Control e robótica: deseño e montaxe.	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Idear e planificar solucións tecnolóxicas emprendedoras que xeren un valor para a comunidade a partir da observación e da análise da contorna máis próxima, estudando as súas necesidades, requisitos e posibilidades de mellora.	Detección de necesidades na contorna e proposta de solucións técnicas.	TI	100
CA1.2 - Aplicar con iniciativa estratexias colaborativas de xestión de proxectos cunha perspectiva interdisciplinaria e seguindo un proceso iterativo de validación desde a fase de ideación ata a difusión da solución.	Desenrolo dunha proposta dende o inicio ata a difusión á comunidade		
CA1.3 - Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a ideación de solucións o máis eficientes, accesibles e innovadoras posibles.	Valorarase a innovación nas posibles solucións.		
CA1.5 - Intercambiar información e fomentar o traballo en equipo de maneira asertiva.	Actitude colaborativa no traballo en equipo.		
CA3.1.5. - Coñecer os elementos dun sistema automático ou robot e a súa función no conxunto.	Identificación dos elementos básicos dun sistema automático ou robot.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Automatizar procesos, máquinas e sistemas, mediante a análise, a programación de robots e os sistemas de control.	Programación de robots mbot . Resolución de problemas técnicos con Arduino		
CA4.3 - Resolver tarefas propostas de maneira eficiente mediante o uso e a configuración de diferentes aplicacións e ferramentas dixitais, aplicando coñecementos interdisciplinarios con autonomía.	Utilización de diferentes entornos de programación.		
CA3.1 - Diseñar, construír, controlar e/ou simular sistemas automáticos ou robots que sexan capaces de realizar tarefas de forma autónoma, aplicando coñecementos de mecánica, electrónica, pneumática e compoñentes dos sistemas de control, así como outros coñecementos interdisciplinarios.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicación de técnicas de ideación, estratexias de xestión de proxectos colaborativos e técnicas de resolución de problemas iterativas utilizando vocabulario técnico axeitado.</li> <li>- Estudo de necesidades do centro, locais, rexionais etc. Deseño de proxectos colaborativos ou cooperativos.</li> <li>- Emprendemento, perseveranza, iniciativa e creatividade na resolución de problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria da actividade tecnolóxica e satisfacción e interese polo traballo e a calidade deste.</li> <li>- Tecnoloxía sostible: aforro enerxético no transporte e nas edificacións. Arquitectura bioclimática.</li> <li>- Deseño, montaxe física e/ou simulada de circuitos electrónicos e/ou pneumáticos elementais, enfocado á resolución de problemas técnicos e proxectos.</li> <li>- Deseño e montaxe física ou simulada dun sistema automático ou robot.</li> <li>- O ordenador e os dispositivos móbiles como elementos de programación e control.</li> <li>- Traballo con simuladores informáticos na verificación e comprobación do funcionamento dos sistemas deseñados.</li> <li>- Robótica. Control de robots sinxelos de maneira física ou simulada.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Documentación	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Intercambiar información e fomentar o traballo en equipo de maneira asertiva.	Utilización dunha contorna online para compartir a información.	TI	100
CA5.1 - Crear contidos, elaborar materiais e difundilos en distintas plataformas, configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor.	Crear e difundir na rede a documentación do proxecto, respectando os dereitos de autoría do material documental e gráfico utilizado..		
CA5.2 - Presentar e difundir as propostas ou solucións tecnolóxicas de maneira efectiva, empregando a entoación, expresión, xestión do tempo e adaptación adecuada do discurso, así como unha linguaxe inclusiva e non sexista.	Presentar o proxecto de xeito que se entenda correctamente o propósito e funcionamento.		
CA5.3 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Presentar toda a documentación de forma organizada e segura.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxía sostible: aforro enerxético no transporte e nas edificacións. Arquitectura bioclimática.</li> <li>- Vocabulario técnico apropiado.</li> <li>- Presentación e difusión do proxecto empregando ferramentas dixitais e audiovisuais. Elementos, técnicas e ferramentas.</li> <li>- Comunicación efectiva: entoación, expresión, xestión do tempo, adaptación do discurso e uso dunha linguaxe inclusiva, libre de estereotipos sexistas.</li> <li>- Propiedade intelectual.</li> <li>- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Automatización e robótica: Situación actual.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2.2. - Comprender os conceptos básicos de BD e IA	Comprender os conceptos básicos de BD e IA	PE	50
CA4.2.1. - Comprender os conceptos básicos de IoT	Conectar un dispositivo na nube utilizando coñecementos básicos de IoT	TI	50
CA5.3 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Organización eficiente y segura de los programas realizados.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Utilizar, con sentido crítico e ético, aplicacións informáticas e tecnoloxías dixitais de control e simulación como a internet das cousas, o big data e/ou a intelixencia artificial.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O ordenador e os dispositivos móbiles como elementos de programación e control.</li> <li>- Traballo con simuladores informáticos na verificación e comprobación do funcionamento dos sistemas deseñados.</li> <li>- Telecomunicacións en sistemas de control dixital. A Internet das cousas: elementos, comunicacións e control. Aplicacións prácticas.</li> <li>- Iniciación á intelixencia artificial e ao big data: aplicacións prácticas. Espazos compartidos e discos virtuais.</li> <li>- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As clases, na súa inmensa maioría de horas, levaranse a cabo na aula taller. Nesta aula dispoñemos de maquinaria, material de electricidade e electrónica, robots, placas programables e sistemas neumáticos. Non hai ordenadores, pero temos dispoñibilidade, bastante asegurada, de equipos que poderemos usar na aula taller, que están ubicados na biblioteca e poderémolos usar na aula de tecnoloxía.

O enfoque da materia será práctico, aínda que en cada unidade didáctica haberá unhas clases teóricas para fixar conceptos e coñecementos. Realizaranse prácticas de electricidade, electrónica analóxica e dixital, neumática e robótica e sistemas de control.

Realizarán traballos, preferentemente en grupos ou colaborativos onde exporán as súas ideas.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Faranse grupos de traballo heteroxéneos onde se primará o traballo colaborativo. Cando se detecten necesidades, se aplicará o reforzo necesario.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Aula-taller de tecnoloxía
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.
Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D
Compoñentes eléctricos e electrónicos e elementos meánicos e estruturais.
Equipos para control e robótica: Placas controladoras, sensores, actuadores, fontes de alimentación, etc.

Dispositivos para comunicación e IoT: placas controladoras con conexión a internet.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Aula virtual do centro.
Operadores neumáticos.

Os recursos teóricos serán proporcionados polo profesorado a través da aula virtual, e para a realización de prácticas utilizarase o material dispoñible no taller de tecnoloxía.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comenzo de cada unidade didáctica farase unha avaliación sobre os coñecementos previos do alumnado. Nesa sesión a profesora planteará cuestións relacionadas coa unidade, resolvendo as dúbidas dos alumnos/as

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	80	0	80	80	0	0	50	<b>42</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	20	100	20	20	100	100	50	<b>58</b>

#### Criterios de cualificación:

##### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación.

A avaliación dos alumnos realizarase a partires de diferentes procedementos e empregando a súa vez distintos instrumentos. Terase en conta os seguintes aspectos para a avaliación:

**Exames.** Haberá un examen por unidade didáctica (por norma xeral, noutras unidades a avaliación será por traballos solicitados). Indicar que os exámenes en moitos dos bloques de contidos son prácticos e moi pouco teóricos e sobre contidos moi traballados na aula.

Despois de cada avaliación, farase un exame de recuperación dos exames suspensos nesa avaliación así como dos traballos suspensos, sempre e cando a nota da avaliación sexa inferior a 5 puntos.

Haberá un exame final (no mes de xuño) para recuperar de xeito individual as partes suspensas, sempre e cando sexan como moito dúas partes. Si son máis de dúas partes fará un exame de recuperación de toda a materia.

**Tarefas :** neste apartado valorarase a presentación, os contidos e o cumprimento do formato do traballo. Sempre haberá unha data de entrega para cada traballo proposto, os traballos non se recollerán fora de esa data. Haberá un mínimo de un traballo en cada avaliación (aínda que polo xeral haberá bastantes máis). Neste apartado inclúense prácticas, traballos e proxectos.

**Traballo diario:** Neste apartado contabilízanse as chamadas de clase, os deberes feitos, que o alumno traia o material e o traballo diario na clase.

As aportacións cuantitativas para a nota final da avaliación repartiranse nos seguintes tres apartados:

**Exames:** Constituirán o 80% da nota. Por norma xeral os alumnos farán un exame por cada unidade ou bloque temático. A nota neste apartado será a nota media ponderada dos distintos exames feitos na avaliación. Os exames

poderán facerse en formato papel ou dixital, segundo sexa a parte a avaliar.

A hora de cualificar terase tamén en conta o seguinte:

Nos exames, nos exercicios de cálculo, cando non se producen erros no plantexamento, pero si na operación, restarase o 25% da puntuación do exercicio ou apartado

Tarefas: Normalmente serán unha, como mínimo, por avaliación e constituirán o 15% da nota (Se houberse varios traballos ou prácticas farase a media de todos eles).

Non se recollerán os traballos fora de prazo sin unha xustificación. Os traballos non entregados serán avaliados cun cero.

A nota dos traballos repartirase do seguinte xeito:

Presentación: 10%

Limpeza e meticulosidade na presentación.

Formato: 20%

Cumprimento das normas de entrega do traballo expostas pola profesora para cada traballo no tocante a título, subtítulo, portada, formato carácter...

Contidos: 60%

Presenza de todos os puntos do traballo e que todos os puntos estean desenvolvidos de xeito correcto e riguroso; que estean redactados polo alumno e non copiados de internet.

Exposición oral dos traballos: Cando se faga unha exposición dos traballos presentados, a nota dividirase de xeito que os apartados anteriores contarán un 70% e a exposición en sí un 30%

Traballo diario: Contribuirá un 5% á nota da avaliación . Neste apartado valorarase a puntualidade ás clases, as chamadas de clase (inclúese aquí tamén os deberes feitos), que leven o material á clase e o traballo nas sesións de clase.

Para o cálculo final da nota farase unha media ponderada das unidades da avaliación. Para superar a materia ao final do curso a nota final ha de ser superior a 4.5 puntos.

### **Criterios de recuperación:**

Para aprobar unha avaliación o alumnado deberá ter unha nota final de 5 puntos.

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

De cada proba escrita obxectiva realizarase unha segunda de recuperación para aquel alumnado que teña a avaliación suspensa. As probas de recuperación faranse unha vez realizada as reunións de avaliación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdoblamento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X		X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X						X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual	X						X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X					X	X	
ET.6 - Espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores:	X					X	X	
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X		X		X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Formación estética	X		X			X	X	
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X		X			X	X	
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X		X			X	X	

### Observacións:

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas: do expresionismo á abstracción. A vangarda europea na primeira metade do século XX: o cubismo e o surrealismo a través dos principais artistas españois e galegos.</li> <li>- Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. A arte actual en España e Galicia.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Consideramos que, neste nivel da educación obrigatoria, é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese do alumnado polos temas tratados na área de Xeografía, Arte e Historia. Así mesmo, a progresiva incorporación do noso centro a Edixgal (neste curso 2023/2024, a 1º e 2º, engádesse 3º da ESO), implica unha transformación na metodoloxía, ó incorporar as TICs de maneira moito máis activa na práctica docente. No caso de 4º da ESO, utilizaremos a aula virtual do centro e o manual de aula da Editorial Baía, posto que aínda non se incorpora neste ano á Plataforma Edixgal.

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de cuarto da ESO os contidos da materia de Xeografía e Historia permitirá que o alumnado adquiera o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Esta área temática facilita dar unha aplicación práctica ós temas e contidos, partindo no posible da contorna inmediata e da realidade que o alumnado coñece directamente evitando que lles resulten carentes de interese ou moi afastados do seu día a día. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando a profesora de guía e propiciadora do progreso dos saberes.

As unidades temáticas do curso abordaranse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, priorizaranse contidos e ir ao esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible.

Seguindo a máxima de que "se aprende facendo" empregaremos metodoloxías activas, abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto aplicaremos diversos métodos como o traballo por proxectos; a clase invertida; aprendizaxe baseada no xogo ou baseada nun problema, etc. Todos eles contribuirán a que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados.

En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que a docente teña maior perspectiva de coñecemento do seu alumnado nas diferentes facetas e detectando, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicando, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Por medio de actividades como o deseño de rutas; simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións sobre temas curriculares; elaboración de xornais de época; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates; planteamentos e retos, etc., incentivaremos a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, "remuniños ou choiva" de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" .... facilitarán o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conducirá á madurez e desenvolvemento do alumnado.

Outro aspecto a ter en conta serán as dinámicas de grupo ("constrúe unha historia", "adiviña quen son", "ordena a historia", "resolva e soluciona"... ) xa que a "aprendizaxe entre iguais" é moi efectiva. Propóranse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceremos un diálogo coa idea de que axude a enriquecer e comprender os contidos.

Na aula alternaremos os traballos e actividades individuais que favorezan no alumnado a súa participación na aula, a autonomía e a capacidade de aprender por si mesmos, cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, promovendo, entre outros, os seguintes aspectos:

- A relación e comunicación entre o alumnado potenciando os valores de respecto, solidariedade, empatía e asertividade.
- Potenciar a axuda e/ou titoría "entre iguais" buscando a cohesión como grupo, utilizando a diversidade do alumnado como unha importante ferramenta no proceso de ensino-aprendizaxe, no canto de considerar esa diversidade coma un problema e/ou desventaxa.
- O traballo e actividades en equipo con perspectiva de xénero.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información escrita en formato papel: prensa e revistas tradicionais, manuais de aula, monografías e outras publicacións, favorecendo o uso dos recursos da Biblioteca do centro. Tamén se potenciará o uso de fontes de información orais e/ou audiovisuais: medios de comunicación tradicionais (televisión, radio, prensa escrita, etc.) e medios TIC's (Internet, plataformas online, podcats, blogs, Apps e Redes Sociais) relacionadas coa materia de Xeografía, Historia e Arte.

Así mesmo, darase moita importancia á experiencia lectora, dado que acostuma ao alumnado ao vocabulario específico da materia e contribúe a sentar e afianzar coñecementos para cursos posteriores. É por iso que, na medida do posible, pedirase ao alumnado lecturas que poderán ser obrigatorias e/ou voluntarias (dependendo do criterio da profesora e das necesidades educativas en cada caso e grupo), relacionadas cun tema ou temas da materia adecuadas ao nivel competencial de cada curso e do alumnado.

Estableceremos unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorecedoras da inclusión. En relación a isto, a profesora empregará distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiren autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a súa autonomía, reflexión e responsabilidade así como a participación constante do alumnado no proceso do ensino-aprendizaxe e na construción dos seus coñecementos.

A innovación, o deseño, a actividade, a creatividade serán as características dos métodos que se aplicarán na aula tratando de fuxir das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses. Por isto, consideramos que é necesario permitirlle ao alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento dos contidos, así como aprender a facer autoavaliación e avaliación entre iguais.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
AULA VIRTUAL DO CENTRO (Curso creado pola profesora)
LIBRO DE TEXTO DA EDITORIAL BAÍA
APUNTAMENTOS DA PROFESORA (De elaboración propia e outros obtidos de recursos didácticos en diversas plataformas online)
CADERNO OU PORTFOLIO DE TRABALLO DO ALUMNADO
ACTIVIDADES ESPECIFICAMENTE MARCADAS
MATERIAL TIC e DIXITAL
MATERIAL AUDIOVISUAL E VISUAL (Vídeos, películas completas e/ou fragmentos delas, podcast, xogos interactivos como Kahoots, etc.)
XOGOS DE SIMULACIÓN (tipo xogos de rol)
LITERATURA e HISTORIA.
CINE E/OU DOCUMENTAIS
RECURSOS DA BIBLIOTECA DO CENTRO
MATERIAL INFORMÁTICO (ordenadores, proxector, pantalla dixital, etc.)
NOVELAS HISTÓRICAS E GRÁFICAS, CÓMICS (Tipo Maus)
PRENSA (tradicional e online)
MAPAS XEOGRÁFICOS, HISTÓRICOS E ARTÍSTICOS
MATERIAL FUNXIBLE

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

Neste curso o noso centro aínda non incorpora cuarto da ESO a Edigal, polo cal utilizaremos un libro de texto (da Editorial Baía), así como un curso preparado pola profesora (aloxado na web - Aula Virtual- do noso centro) que conterá recursos e material educativo achegados pola profesora, tanto de elaboración propia como o obtido de plataformas de recursos educativos. O curso na Aula Virtual será utilizado para aloxar diferentes tarefas, traballos e actividades avaliadas adaptadas aos contidos que se están a impartir sendo un medio idóneo para que o alumnado se comunique coa profesora, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

Ademais a profesora, para impartir e clarificar os contidos da materia utilizará, segundo as posibilidades do centro e as necesidades e evolución do proceso de ensino-aprendizaxe, o seguinte:

- Apuntes, material e explicacións elaborados pola profesora e/ou obtidos de diferentes plataformas de recursos educativos.

- O alumnado terá que utilizar un caderno de traballo e/ou libreta da materia onde plasmará as tarefas, apuntamentos, exercicios, traballos e actividades de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión, sendo valorado para a cualificación final.

- Fichas e/ou fotocopias de diversa temática.
- Libros de lectura (novelas, comics históricos, etc) e películas que traten algún dos aspectos do currículo de terceiro adoitan ser un material atractivo para aprofundar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e dispoñibilidade temporal.

- Mapas mudos e/ou temáticos (históricos, artísticos e xeográficos)
- Aula virtual do centro.
- Sala de informática (con ordenadores para o alumnado)
- Biblioteca do centro
- Documentos gráficos, sonoros e/ou audiovisuais aloxados en plataformas de uso habitual no alumnado como YouTube, TikTok ou Spotify (obviamente recomendando sempre perfiles con contidos relacionados exclusivamente coa materia impartida no momento).

- Recursos aloxados en internet, Apps e plataformas dixitais.
- Presentacións en diversos formatos como CANVA, PDF ou Power Point.
- Libros de texto e libros de consulta, enciclopedias, dicionarios (coa idea de potenciar os recursos existentes na Biblioteca do noso centro, e tamén, para non perder o hábito de usar as fontes de información tradicionais, fronte ao uso masivo de Internet)

- Xogos históricos e Kahoots que favorecen a participación e o bo clima no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Publicacións periódicas tradicionais: prensa e/ou revistas posot que no curso de terceiro abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, os conflitos civís...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.

- Encerado tradicional e dixital e canón proxector.
- Participación do alumnado en debates, foros, charlas, conferencias, na aula e/ou fóra dela.
- Saídas didácticas, se o tempo e a evolución do proceso de ensino-aprendizaxe, o permite.
- Plataformas de clase on line (Webex ou outras) como substituto ás clases presenciais cando estas non poidan producirse por motivos de confinamento e/ou enfermidades que impidan asistir ás clases con normalidade.

Aínda que hoxe en día o manexo das TIC son case imprescindibles pois ofrecen moitas vantaxes pero a docente será selectiva no seu emprego e transmitindo ao alumnado a necesidade do seu uso responsable, así como poñendo en valor o uso das fontes de información tradicionais, tal e como se está sendo tendencia noutros países a nivel educativo, nos que está tratando de recuperar os formatos tradicionais, fronte ó uso excesivo das TIC (coa idea de evitar o exceso de horas diante das pantallas dos diferentes dispositivos electrónicos)

Polo mencionado anteriormente e, malia que estamos nun momento moi tecnolóxico ("boom da IA - Intelixencia Artificial"), non descartaremos os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

En definitiva, a profesora empregará diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar a metodoloxía senón tamén para promover a aprendizaxe e construción individual do alumnado do seu coñecemento.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso (dacordo co calendario establecido pola Consellería e o centro de ensino) realizáramos unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade do alumnado, coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de ensino-aprendizaxe. Así mesmo permitíranos valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Durante o curso académico 2023-2024, seguírase o seguinte procedemento:

- Análise das adaptacións das programacións realizadas durante o curso pasado e revisión e adecuación das realizadas no presente curso, segundo as necesidades do alumnado.
- Valorar as informacións obtidas sobre as necesidades do alumnado a través da persoa titora do pasado curso e da Xefatura de Estudos.
- Valorar os informes do Departamento de Orientación, de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) no caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais (nun dos cursos de 4 da ESO temos unha alumna con estas necesidades para a que realizaremos a pertinente Adaptación Curricular), e de altas capacidades (nun dos cursos de 4 da ESO temos unha alumna de altas capacidades)
- Observación das actividades realizadas polo alumnado os primeiros días do curso, especialmente aquelas que permitan valorar á adecuación das destrezas procedementais do alumnado ao nivel educativo que cursan.
- Valoración do coñecemento previo dos contidos mínimos do curso, mediante actividades, preguntas formuladas durante as clases nas primeiras semanas do curso e realizando unha proba escrita e/ou oral.

A avaliación inicial consistirá en exercicios orais e/ou escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (que pode ter preguntas a desenvolver, exercicios completar textos, relacionar conceptos, preguntas tipo test, ordenar conceptos, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo realizaremos unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, preguntas tipo test, enunciados de verdadeiro falso, "tormenta ou choiva" de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas, etc.

A avaliación inicial ofreceranos información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais daranos a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Estas probas diagnósticas permitirannos detectar as confusións e incorreccións que o alumnado teña sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantearlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Estas probas iniciais se valorarán numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado, simplemente teñen un carácter diagnóstico.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	5	10	5	10	10	10	10	10	10
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

Tendo presentes as medidas establecidas a partir de la avaliación inicial, teranse en conta o seguinte conxunto de instrumentos á hora de avaliar ao alumnado e establecer unha cualificación:

- Exames realizados ao longo do curso (un ou varios por trimestre, según determine a profesora segundo a evolución do alumnado e as necesidades do proceso de ensino-aprendizaxe)
- Probas orais e/ou escritas (controles) e actividades específicas realizadas cada trimestre.
- Caderno/libreta elaborado polo alumnado cos apuntamentos, exercicios, traballos e actividades.
- Traballos obrigatorios (individuais, en pequeno e/ou gran grupo), segundo indique a profesora.
- Participación, traballo, afán de superación e esforzo diario na clase.
- Tamén se terá en conta e valorarase a evolución positiva e/ou negativa do alumnado durante o transcurso do curso.

A avaliación do alumnado terá en conta distintos aspectos, tanto os referidos ao seu traballo diario e ao seu esforzo e evolución ao longo do curso, como os vinculados ás súas capacidades amosadas tanto na realización das actividades e traballos propostos como nas probas e exames. Aparecerán así distintas cualificacións en cada avaliación:

- Cualificación de exames escritos e/ou orais. Os exames serán escritos sempre que se poidan realizar no centro. No caso de ensino non presencial (debido á corentenas, enfermidades e/ou convalecencias así como períodos de ensino semipresencial) poden realizarse oralmente ou por escrito de forma presencial e/ou a través de plataformas de ensino a criterio da profesora, sempre atendendo e dependendo das necesidades e situación do alumnado nese momento. No caso de suspensión das clases presenciais realizaranse a través da Aula Virtual (escritas) ou dunha plataforma de videoconferencia (orais), buscando adaptarse á situación do momento, tratando de favorecer ao máximo posible o correcto desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Cualificación de traballos obrigatorios (individuais e en pequeno e/ou gran grupo). Poden ser presentados en diversos formatos (en papel, audiovisuais, PDF, CANVA, ect.) a presentación pode ser física e/ou "tradicional" (en papel) e/ou de forma dixital (a través de correo electrónico e/ou da Aula Virtual), segundo o indicará a profesora en cada un dos traballos e actividades. Estes traballos presentaranse na clase por parte do alumnado que os elaborou. No caso de ensino non presencial (debido á corentenas, enfermidades e/ou convalecencias así como períodos de ensino semipresencial) poden presentarse oralmente ou por escrito e/ou a través de plataformas de ensino a criterio da profesora, sempre atendendo e dependendo das necesidades e situación do alumnado nese momento. No caso de suspensión das clases presenciais realizaranse a través da Aula Virtual (escritas) ou dunha plataforma de videoconferencia (orais), buscando adaptarse á situación do momento, tratando de favorecer ao máximo posible o correcto desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Cualificación de probas específicas individuais. Trátase de pequenas probas de control de seguimento das unidades (cuestións curtas, identificación e análise de documentos, comentarios, mapas, actividades de comprensión, lecturas, audiovisuais, traballos voluntarios...). Poden ser presentados en diversos formatos (en papel, audiovisuais, PDF, CANVA, ect.) a presentación pode ser física e/ou "tradicional" (en papel) e/ou de forma dixital (a través de correo electrónico e/ou da Aula Virtual), segundo o indicará a profesora en cada un dos traballos e actividades. Estes traballos presentaranse na clase por parte do alumnado que os elaborou. No caso de ensino non presencial (debido á corentenas, enfermidades e/ou convalecencias así como períodos de ensino semipresencial) poden presentarse oralmente ou por escrito e/ou a través de plataformas de ensino a criterio da profesora, sempre atendendo e dependendo das necesidades e situación do alumnado nese momento. No caso de suspensión das clases presenciais realizaranse a través da Aula Virtual (escritas) ou dunha plataforma de videoconferencia (orais), buscando adaptarse á situación do momento, tratando de favorecer ao máximo posible o correcto desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Cualificación do caderno do alumnado. Valorarase que o material e contidos estean ordenados e completos, aparecendo todas as actividades e fichas entregadas. A nota refírese, polo tanto, á capacidade do alumnado de

manter todo o material ordenado e completo, independentemente da calidade de realización das actividades. No caso de ensino non presencial terase en conta o material enviado á Aula Virtual.

- Cualificacións obtidas da observación directa do traballo diario, participación e esforzo. Valorarase a realización das actividades (positivos pola realización, independentemente de que estean mal ou ben realizadas) e a participación activa e positiva, a disposición e a responsabilidade nas clases. Tamén se rexistrarán as intervencións e participación do alumnado no desenvolvemento do proceso do ensino-aprendizaxe na aula, xunto coa súa boa ou mala disposición a nivel de grupo (respecto dos compañeiros/as, da docente, das quendas de voz, da contribución á orde e ao silencio, da boa conservación do material de aula, xa sexa propio ou do centro, etc.). Tamén se rexistrará a falta, non entrega e/ou entrega fóra de prazo de deberes/exercicios/traballos/actividades así como os comportamentos disruptivos que impidan o correcto discorrer das explicacións. No caso de ensino non presencial terase en conta o material enviado á Aula Virtual e a participación nas clases telemáticas.

A media por avaliación obtense do seguinte xeito:

- Exames: 50% da nota da avaliación. No caso de realizar máis dun exame por trimestre a nota do apartado dos exames será a media aritmética entre eles engadindo o resultado ao resto de elementos para obter a nota final. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte desta (máis do 70% das sesións) o apartado exames establecerase igualmente no 50% da nota da avaliación.

- Traballos obrigatorios (individuais e pequeno e/ou gran grupo, segundo determine a profesora): 30% da nota de avaliación. Estes traballos, deberán ser entregados en papel e/ou formato dixital, segundo indique a profesora e, sempre serán presentados/defendidos polo alumnado na aula. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte (máis do 70% das sesións) desta o apartado probas específicas e traballo suporá tamén o 30% da nota da avaliación.

- Probas específicas: Controis, lecturas e/ou outras actividades: 10% da nota de avaliación. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte desta (máis do 70% das sesións) o apartado caderno do alumnado suporá o 10% da nota da avaliación.

- Caderno do alumnado, actividade diaria (implicación e participación), traballo, esforzo e afán de superación: 10% da nota de avaliación. Obtense das cualificacións recollidas das actividades e do traballo diario na aula (implicación e participación), do traballo, esforzo e afán de superación e da nota do caderno. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte desta (máis do 70% das sesións) o apartado caderno do alumnado suporá o 10% da nota da avaliación.

É necesario aclarar algúns aspectos que deben ser tidos en conta á hora de establecer as notas:

- Todos os instrumentos de avaliación (exames escritos e orais, probas específicas, traballos obrigatorios, lecturas, actividades, caderno do alumnado, actividade diaria, traballo, afán de superación, esforzo...) valoraranse entre 0-10 puntos, calculando o valor final en cada avaliación segundo as porcentaxes expresadas anteriormente.

- A nota final da avaliación resultará de sumar os valores de cada un apartados sinalados anteriormente, aplicando as porcentaxes indicadas. O alumnado superará a avaliación se, ao sumar todos os apartados nas porcentaxes indicadas anteriormente, obtén, como mínimo, 5 puntos.

- En caso de que resulten números decimais na nota de avaliación, actuarase do seguinte xeito:

- En caso de que non se chegue a medio punto (0,1; 0,2; 0,3; 0,4), considerarase o número enteiro anterior (exemplo: 5,4 a nota será de 5 ou Suficiente).

- En caso de que sexa de medio punto ou superior, asignarase o número enteiro superior sempre e cando o apartado referido a "Caderno do alumnado, actividade diaria (implicación e participación), traballo, esforzo e afán de superación" presente unha nota superior a 0,60 puntos (1 punto é o máximo), e de que se teña polo menos un 0,60 (1 punto é o máximo) no apartado "Probas específicas: Controis, lecturas e/ou actividades", en caso de que non sexa así, reducirase ao número enteiro inferior.

- Se o estudante non acada un 5 ao sumar todos os apartados (segundo as porcentaxes indicadas), considerarase que non superou a avaliación e deberá facer un exame e/ou actividades de recuperación das avaliacións suspensas ao longo do curso.

- Os exames e/ou actividades de recuperación da 1ª e 2ª avaliacións realizaranse, preferentemente, tras finalizar estas. No caso da 3ª avaliación realízanse no mes de xuño.

- No caso de ter que recuperar todas as avaliacións, o alumnado que o precise realizará un exame e/ou actividades de recuperación no mes de xuño, superando a materia se obtén, como mínimo, 5 puntos.

- O exame e/ou actividades de recuperación basearase nos contidos mínimos esixibles, tendo de referencia aqueles practicados ao longo de todo o curso. O aprobado nesta proba significará a superación da materia. É dicir, considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

- O alumnado que non logre unha media de 5 puntos tras facer estas probas e/ou actividades de recuperación non aprobará a materia.

- O alumnado que non realice algún exame na data prevista, sempre e cando teña un motivo xustifico da

falta, deberá realizalo o máis pronto posible, tras a súa reincorporación ás clases. En caso de que non exista un motivo xustificado a nota será de cero puntos.

- No caso do alumnado que sexa descuberto copiando nunha proba ou exame será cualificado con cero puntos.
- Coa finalidade de evitar plaxios, nas rúbricas para a elaboración dos traballos e outras actividades que o alumnado teña que realizar durante o curso terase en conta, entre outros aspectos, a orixinalidade tanto na súa elaboración como na presentación dos mesmos.

### **Criterios de recuperación:**

- As recuperacións durante o curso recóllense no apartado anterior xa que aquí a limitación de caracteres non permitía gardalo.
- Alumnado coa materia pendente (este ano, de momento non hai alumnado coa materia pendente, agás novas incorporacións ao longo do curso): A área de Ciencias Sociais presenta unhas características peculiares, polo que non podemos considerar a materia dun curso aprobada se o alumnado aproba a do curso posterior. Ao non ser esta unha materia progresiva, xa que está integrada por contidos diversos (Xeografía, Historia e Arte), ter a materia aprobada nun curso non presupón telo en anos anteriores, nin que o alumnado supere automaticamente a materia pendente. O alumnado coa materia pendente será titorizado pola profesora que lles imparte clase no curso vixente. Esta entregará boletíns de exercicios de práctica e reforzo (baseados nos contidos mínimos esixibles), solucionará dúbidas e guiará no proceso de estudo. Para superar a materia pendente, o alumnado terá dúas posibilidades:
  - A realización e presentación de boletíns de exercicios entregados pola profesora ao longo do curso. Se o alumnado acadada un mínimo de 5 sobre 10, darase por superada a materia e o estudante non terá que realizar proba escrita no mes de xuño.
  - Se o alumnado non realiza nin entrega ditas tarefas e/ou parte delas, realizará a correspondente proba escrita no mes de xuño, na data que o centro estime oportuna. O 100% da superación da materia pendente, neste caso, queda suxeita a dito exame, para a cal será imprescindible acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10. No caso de superar a materia por medio desta última recuperación (no mes de xuño) a nota será un 5, independentemente da nota acadada, xa que se tratará dun exame de mínimos que non incluírá moitos dos contidos avaliados durante o curso.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Un dos obxectivos básicos das medidas de atención á diversidade será dar resposta ás diferentes necesidades do alumnado desta etapa tendo en conta que non todos teñen a mesma capacidade para aprender e seguir o ritmo no proceso de ensino-aprendizaxe, sendo imprescindible, unha vez detectadas as necesidades específicas, o tratamento individualizado. En todos os casos valoraremos o progreso individual en función dos obxectivos marcados (potenciando o traballo con contidos procedimentais), informando previamente ao alumnado do que se lle pide. As medidas de atención á diversidade daranse en dous niveis:

- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivándose máis.
- Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaía no seu esforzo.

As medidas concretas de atención á Diversidade para cada materia e grupo, indicaranse no desenvolvemento de cada unha das programacións de materia, unha vez realizada a xunta de avaliación inicial, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, PT e AL, así como as necesidades que, entre o alumnado poidan xurdir, no transcurso do presente curso 2023/2024, realizando as pertinentes adaptacións curriculares, no caso de que estas sexan precisas. Á espera de concretar as medidas extraordinarias para o caso do alumnado que o precise, contemplamos as seguintes medidas:

- Organizativas:
  - Adecuación da estrutura organizativa do centro e/ou da aula
  - Tempos e espazos adaptados e horarios específicos
  - Materiais e recursos didácticos adaptados, desdoblamento de grupo e reforzo educativo
- Curriculares:
  - Adaptación metodolóxica con traballos colaborativos en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos.



- Titoría e/ou aprendizaxe por iguais.
- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Programa de reforzo educativo.
- Programa específico repetidor da materia.
- Adaptacións curriculares, se son precisas.
- Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
- Graduación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
- Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- Materiais e recursos diversificados e inclusivos que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
- Actividades de reforzo e consolidación.
- Aprendizaxe por Proxectos.
- Traballo colaborativo.
- Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
- Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
- Retro alimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso (de momento non hai alumnado nesta circunstancia, aínda que, ao longo do curso poden aparecer novas matrículas que estean nesa situación, de ser así a profesora actuará como sigue:

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. O plan específico personalizado inclúe:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión expresión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade, a empatía e a asertividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental.			X					
ET.5 - Emprendemento.			X			X		
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.			X					X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor			X			X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión expresión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade, a empatía e a asertividade	X	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental.		X	X	
ET.5 - Emprendemento.		X	X	
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.		X	X	
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballarase a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, xa que, neste curso, gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal incluíuse a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a conferencias ou ponencias científico-culturais.	Complementaria	X	X	X
Viaxes científico-culturais de interese didáctico	Complementaria			X
Roteiros didácticos	Complementaria	X	X	X
Visitas a exposicións e museos	Complementaria	X	X	X
Asistencia á proxeccións de película no cine de interese pedagóxico	Complementaria	X	X	X
Asistencia a representacións teatrais	Complementaria	X		X

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a:

- Potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado.
- Saír da rutina.
- Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real.
- A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Estas actividades complementarias serán escollidas e preparadas pensando en que:

- Sexan motivadoras.
- Se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Fase previa: que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Fase central: consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
- Fase de Feed-back: para comprobar o resultado da experiencia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demostra coñecemento da materia
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Valoración xeral da materia.
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de cualificación foron axustados.
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita
Uso as Tic no proceso de ensino-aprendizaxe

Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Emprega variedade de recursos
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir a clases
As actividades foron variadas e motivadoras.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Cumpriu co horario de clase
Medidas de atención á diversidade
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas entre o alumnado
Presento actividades de reforzo e ampliación para o alumnado que o precisa
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación e función das características e necesidades do alumnado
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Motiva ao alumnado
Proporciono información ao alumnado sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado, ao Departamento de Orientación, ás familias e ao resto da xunta avaliadora dos progresos e dificultades do alumnado

**Descrición:**

A profesora someterá á avaliación a súa práctica docente no proceso de ensino-aprendizaxe.

- No referente á Práctica docente: esta avaliación realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conterán unha escala de valoración xirando entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

- No referente ao Proceso do ensino: para avalialo a profesora dispón dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario recóllense aspectos sobre:

\* A programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación).

\* Desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..)

\* Avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A profesora realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada pola profesora e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade, á realidade e ás necesidades do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

## **9. Outros apartados**